PROFESORES/AS: Avaliarán o desenvolvemento dos coñecementos previos básicos dos alumnos na súa materia mediante os procedementos e probas que nos respectivos Departamentos Didácticos estimen oportunos.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN: Aportará a información psicopedagóxica da que dispoña e proporá as medidas de atención á diversidade.

PROCEDIMENTO A SEGUIR NAS XUNTAS DE AVALIACIÓN:

6.1. ANTES DA REUNIÓN DA XUNTA DE AVALIACIÓN INICIAL:

Cada profesor recolle a información relevante da súa materia mediante a observación na aula nas primeiras semanas de clase, e a aportará oralmente á xunta de avaliación toda aquela información que estime oportuna, por exemplo:

Presenta dificultades de aprendizaxe na miña materia.

Grao de desenvolvemento dos coñecementos previos necesarios para cursar con éxito a materia.

Actitude e motivación do alumno/a hacia a materia.

Concentración, estratexias de traballo na aula.

Aspectos do comportamento, integración no grupo, relación cos compañeiros, …. .

Aspectos socio-familiares relevantes, se se coñecen.

Descoñecemento das linguas.

Outros: Asistencia a clase, puntualidade, … .

O titor recolle/ investiga a información relevante do alumno, a través da enquisa inicial, XADE, informes de orientación se os hai, observación na aula, primeiros contactos coas familias,… .

O Departamento de Orientación revisa expedientes dos alumnos, revisa a información psicopedagóxica se a hai e proporciónalle ao titor e á xunta de avaliación as informacións relevantes obtidas.

6.2. DURANTE A REUNIÓN DA XUNTA DE AVALIACIÓN INICIAL:

1º Informe do titor sobre as características do grupo.

2º Informe do titor e de cada profesor sobre o alumnado considerado individualmente.

3º Cumprimentar polo titor/a acta da sesión segundo modelo adxunto.

MEDIDAS QUE SE PODEN DECIDIR NA REUNIÓN:

MEDIDAS GRUPAIS: ►Realizar recomendacións sobre Normas de Convivencia: puntualidade, respecto aos compañeiros,…

►Cambios na distribución espacial dos alumnos.

►Especial atención ás conductas de clase: interese, esforzo, atención, estudo persoal, traballo en equipo,…

►Adecuación da programación (contidos mínimos, temporalización,…).

MEDIDAS INDIVIDUAIS:

►Titoría individualizada co alumno.

►Reunión co pai/nai/titor legal do alumno.

►Solicitude de avaliación psicopedagóxica ,

►Intervención a cargo do D.O.

►Cambio de localización na aula.

►Intervención ante a situación de abandono, absentismo,….

►Medidas disciplinarias.

►Derivación á aula de adquisición de linguas.

►Medidas de Atención á Diversidade:

- Reforzo educativo a cargo do profesor/a da materia.
- Medidas TDAH, Medidas altas capacidades, ... .
- Adaptacións curriculares significativas (no caso de discapacidade).
- Medidas de acceso ao currículo (no caso de discapacidade motórica, sensorial, …)

6.3.- DESPOIS DA XUNTA DE AVALIACIÓN:

1º Cumprimentar os informes de avaliación individualizados que se precisen cos acordos e medidas adoptados.

2º Informar aos pais dos alumnos por escrito das Medidas adoptadas na xunta de avaliación.

MEDIDAS QUE SE PODEN DECIDIR NA REUNIÓN:

- Medidas globais de tipo titorial: aspectos a tratar na titoría semanal, medidas disciplinarias, normas nas que hai que incidir, cambios na localización física dos alumnos na aula, cambio de grupo, ... .

- Reforzo educativo ordinario por parte do profesor da materia (decídeo o profesor, non require autorización).

- Proposta de algún caso novo para Exención de Francés e confirmación das propostas realizadas por orientación a comezos de curso.

- Proposta de alumnado para a elaboración de ACS (Adaptación Curricular Significativa), e decisión das materias obxecto de ACS. Procede realizar unha ACS cando hai dous cursos ou máis de desfase curricular na materia. A decisión debe ser conxunta entre o profesor da materia e orientación. O profesor deberá avaliar a competencia curricular e orientación deberá redactar un informe psicopedagóxico onde ser fará constar a necesidade da ACS.

- Proposta de alumnado para recibir apoio por parte de Pedagoxía Terapéutica. A lexislación vixente establece que para os apoios débese priorizar aos alumnos con máis NEE e con ACS, así como as materias instrumentais (LINGUAS e MATEMÁTICAS).

- Proposta de alumnado para grupo de adquisición de linguas (no caso de descoñecer as dúas linguas oficiais).

- Proposta de alumnado para avaliación psicopedagóxica.

6.3. DESPOIS DA XUNTA DE AVALIACIÓN:

1º Cumprimentar os informes de avaliación individualizados que se precisen cos acordos e medidas adoptados.

2º Informar aos pais dos alumnos con MAD e pedir autorización por escrito das Medidas de Atención á Diversidade adoptadas na xunta de avaliación.

## ACTA DA SESIÓN DE AVALIACIÓN INICIAL ESO

Curso: ____ ESO ____ Grupo: ________ Data: ______________

Titor/a:

| 1.- VALORACIÓN XERAL DO GRUPO |
|---|
| ***ANÁLISE DO RENDEMENTO ACADÉMICO / ACTITUDE E COMPORTAMENTO*** <br> ►Hábitos de traballo. <br> ►Atención na clase <br> ►Principais dificultades académicas. <br> ►Cohesión grupal. <br> ►Respecto polas normas. <br> ►Motivación e interese por aprender. <br> ►Participación na clase,…. |
| |
| ***ACORDOS DO EQUIPO DOCENTE PARA TODO O GRUPO*** <br> ►Realizar recomendacións sobre Normas de Convivencia: puntualidade, respecto aos compañeiros,… <br> ►Cambios na distribución espacial dos alumnos. <br> ►Especial atención ás conductas de clase: interese, esforzo, atención, estudo persoal, traballo en equipo,… <br> ►Realización de actividades <br> ►Reforzo das técnicas instrumentais básicas (ortografía, expresión/ comprensión oral/escrita, resolución de problemas, lectura,…). ►Adecuación da programación (contidos mínimos, temporalización,…). ►Adecuación de metodoloxías, materiais, probas de avaliación. ►Intervención grupal a cargo do Departamento de Orientación (DO) ►Intervención grupal a cargo do Xefe de Estudos |

| |
|---|
| específicas de titoría: autoestima, mellora do grupo, discriminación, acoso escolar, conflictividade, habilidades sociais…. ►Aplicación grupal de técnicas de estudo concretas (esquemas, mapas conceptuais para organizar os contidos e relacionar temas …) |
| |
| 2. TOMA DE DECISIÓNS.ANÁLISE DE CASOS INDIVIDUAIS E PROPOSTA DE MEDIDAS |

| | |
|---|---|
| ►Entrevista individual co titor.<br><br>►Reunión co pai/nai/titor legal do alumno.<br><br>►Solicitude de avaliación psicopedagóxica<br><br>►Intervención a cargo do DO.<br><br>►Cambio de ubicación na aula.<br><br>►Intervención ante a situación de abandono, absentismo,….<br><br>►Medidas disciplinarias. | ►Medidas de Atención á Diversidade:<br><br>a. Reforzo educativo a cargo do profesor/a da materia.<br><br>b. Apoio específico a cargo de PT e Audición e linguaxe..<br><br>c. Programa de recuperación de pendentes.<br><br>d. Exención de 2ª Lingua Estranxeira:<br><br>e. Proposta de incorporación a un PMAR.<br><br>f. Adquisición de linguas.<br><br>g. Medidas TDAH<br><br>h. Medidas altas capacidades.<br><br>i. Atención educativa hospitalaria e |

| | |
|---|---|
| | domiciliaria. |
| ALUMNO/A: | MEDIDAS PROPOSTAS: |

| | |
|---|---|
| | |

| 3.- ALUMNADO CON GRAVE RISCO DE FRACASO ESCOLAR |
|---|
| |

## 4.- INFORMES

### 4.1 INFORME DO ORIENTADOR E/OU A PROFESORA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE

| ALUMNO/A | DIS/DIA/DES/SOB* | MEDIDAS SUXERIDAS |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

*Discapacitado/Dificultades de aprendizaxe/Desfavorecido sociocultural/Sobredotado

4.2 INFORME DO PROFESORADO

- ALUMNADO CON DIFICULTADES DE APRENDIZAXE

| NOME | DIFICULTADE | PROFESOR/A |
| --- | --- | --- |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

- ALUMNADO CON PROBLEMAS DE CONDUTA

| NOME | CONDUTA* | PROFESOR/A |
| --- | --- | --- |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

*Posible hiperactividade, falta de disciplina, agresividade, dificultades para atender, problemas de integración, etc

4.3 INFORME DE XEFATURA DE ESTUDOS

## 4.4 ALUMNADO DERIVADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

| ALUMNO/A | DIFIC. EN MATEM. (1) | | DIFIC. EN LÍNGUAS (2) | | | | | MEM. (3) | RAZ. (4) | OUTROS (5) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | CAL | RP | CL | FL | EE | ORT | EO | | | |
| | | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | CAL | RP | CL | FL | EE | ORT | EO | | | |
| | | | | | | | | | | |
| | CAL | RP | CL | FL | EE | ORT | EO | | | |
| | | | | | | | | | | |
| | CAL | RP | CL | FL | EE | ORT | EO | | | |
| | | | | | | | | | | |
| | CAL | RP | CL | FL | EE | ORT | EO | | | |
| | | | | | | | | | | |

(1).- Marcar onde presenta dificultade: Cálculo e/ou Resolución de problemas.

(2).- Marcar onde presenta dificultade: Comprensión lectora, fluidez lectora, expresión escrita, ortografía e/ou expresión oral.

(3).- Marcar se presenta problemas para memorizar.

(4).- Marcar se presenta problemas para razoar.

(5).- Indicar se presenta problemas de hiperactividade, déficit de atención, problemas de integración, desorganización no estudo e/ou calquera outro.

## 5. Observacións

| |
|---|
| |

Sendo as __________, péchase a sesión en Lalín, _______ de ________de 202__

O/A Titor/a

Asdo. ______________________________________

## 4.1. PROCEDEMENTOS PARA A DETECCIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

### A. COMUNICACIÓN AO TITOR/A

O titor/a comunicará ao Departamento de Orientación e a xefatura de estudos, logo da avaliación inicial, ou en calquera outro momento: sesión de avaliación, información dos pais, nais ou titores legais, ... da sospeita de necesidades e/ou dificultades de aprendizaxe dun alumno/a.

**Titor/a e equipo de profesorado**:

• Realizar a avaliación inicial a comezos de cada curso, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ás características do alumnado.

• Facer un seguimento xeral dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar as dificultades e as necesidades educativas coa finalidade de artellar respostas educativas coherentes e, demandar, no seu caso, os oportunos asesoramentos, reforzos e apoios.

• Coordinar co xefe do departamento de orientación a intervención educativa dos alumnos/as que presenten necesidades específicas de apoio educativo.

• Coordinar cos demais profesores do grupo o axuste dos programas, especialmente no referente ás respostas educativas ante as necesidades máis específicas de reforzo e apoio.

• Promover un contexto de colaboración coa familia, intercambiando información relevante que afecte á educación dos seus fillos.

### B. TRASLADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Unha vez trasladada a solicitude ao Departamento de Orientación, éste a través da súa xefatura porase **en contacto** coa familia para iniciar, se fose o caso, unha **avaliación psicopedagóxica** e conseguinte informe. En todo momento a familia debe estar informada, enterada e conforme.

### C. RECOLLIDA E INCORPORACIÓN DA INFORMACIÓN PROPORCIONADA DA ETAPA ANTERIOR

Téñase en conta os posibles cambios de etapa: Primaria-Secundaria, Secundaria-Bacharelato. Neste caso o relativo aos CEIP Xesús Golmar, ao CEIP de Cercio, poden vir doutros Centros da comarca de D eza. Cubrirán un **informe** para aquel alumnado que debido ás súas

dificultades estea exento de cursar segunda Lingua Estranxeira(Francés), cursando **Reforzo Educativo**.

### D. COMUNICACIÓN DA INFORMACIÓN RELEVANTE AO PROFESORADO NA AVALIACIÓN INICIAL

A principios de curso o Departamento de Orientación proporcionará ós titores /as información relativa ós alumnos/as que está previsto van a ser obxecto de medidas de atención á diversidade.

DEFINICIÓN:

É unha medida ordinaria de atención á diversidade que se desenvolverá con todo o alumnado de 1º e 2º ESO e FP Básica fundamentalmente, co fin de que o profesorado poida coñecer á diversidade dos seus alumnos dende o comezo de Curso.

Deberá aplicarse especialmente ao comezo do curso.

FINALIDADE:

Coñecer o máis pronto posible, os hábitos, modos de traballo, estilos de aprendizaxe, contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais básicos que traen os alumnos para:

- Deducir necesidades do grupo e de cada alumno
- Establecer prioridades de traballo
- Introducir adaptacións na programación da materia, unha vez coñecida a realidade dos alumnos/as.
- Adoptar outro tipo de medidas que afectan a organización para unha mellor atención á diversidade.

RESPONSABLES:

O profesorado de cada materia. Xefatura de Estudos e Dpto. Orientación.

Colaboración do profesorado de PT na avaliación dos ACNEAE.

-----------------------------------------

## 4.2. RELACIÓN DE PROGRAMAS DE IMPLEMENTACIÓN POTENCIAL E ORGANIZATIVAS PREVISTAS PARA TODO O CENTRO

Describiranse os programas que ten previstos o centro para cada unha das situacións que se poden producir. Iso non quere dicir que en cada curso se teñan que levar a cabo todas as medidas ou programas. Aqueles que estean en funcionamento especificaranse na concreción anual e no cronograma.

### A. PROTOCOLO DE ACOLLIDA DO ALUMNADO

O deseño dun programa de acollida axeitado aos distintos membros da comunidade educativa é un punto de partida fundamental para un bo comezo e unha posterior evolución positiva da convivencia no centro.

A continuación detállanse os protocolos de acollida elaborados para os distintos membros da comunidade educativa:

✓ **Acollida do alumnado**

**Obxectivos**

• Potenciar as habilidades de relación interpersoal, posto que o contexto escolar constitúe un dos contornos máis relevantes para o desenvolvemento social do alumnado.

• Promover a competencia social do alumnado e mellorar as súas relacións interpersoais porque delas deriva un efecto positivo no rendemento académico.

✓ **Acollida alumnado extranxeiro:**

1ª Fase: Acollida no centro.

ACTUACIÓNS COA FAMILIA E CO ALUMNO/A.

- Matriculación: o primeiro contacto que teñen as familias inmigrantes cos centros adoita ser a través do equipo directivo. Necesitan ser informados sobre o noso sistema educativo e coñecer o centro onde van a escolarizar aos seus fillos. Precisan información sobre servizos de transporte e comedor, horarios, espazos, material escolar necesario, atención específica ao alumnado inmigrante (aprendizaxe de idiomas, reforzos, agrupamentos, etc), actividades extraescolares... Sempre que sexa posible, é mellor facilitar esta información na súa lingua e por escrito.
- Entrevistas para a recollida de información sobre datos persoais e académicos: a súa escolarización previa e das súas habilidades básicas en lectoescritura, francés e /ou inglés e matemáticas (departamento de orientación/ PT/AL, profesorado das distintas materias). Solicítaselles un Informe Académico. En Lalín  a procedencia maioritaria é do norte de África e de América do Sur.
- Avaliación inicial nas distintas materias se é posible a nivel de comunicación (departamento de orientación/PT/AL, profesorado das distintas materias).
- Determinación do seu nivel de competencia en español e /ou galego e de posibles necesidades educativas específicas (departamento de orientación).
- A adscrición ó curso e grupo farase tendo en conta a lexislación vixente (equipo directivo).
- Coordinación cos Servizos Sociais do concello (equipo directivo / orientador/a/ educadora de familia).
- Presentación do profesorado e compañeiros (equipo directivo/ orientador/a).

- Elaboración dun plan de intervención. Aplicación de medidas de atención ao alumnado inmigrante (se é factible).

Organizativas/curriculares:

  - Grupo de adquisición de linguas.
  - Grupo de adaptación da competencia curricular ou curriculares.
  - Reforzo educativo.
  - Adaptacións curriculares.
  - Flexibilización de idade (departamento de orientación, equipo directivo, profesorado).

Insistir coa familia na necesidade de manter contacto constante e frecuente co centro educativo, a través do titor ou titora, de xeito que estean informados sobre o proceso de adaptación ó centro do alumno/a, así como dos progresos que se van dando (titor/a).

Ó remate de cada trimestre a familia recibirá información por escrito sobre a evolución do se fillo/a referida a: nivel de adaptación, progreso nas linguas, competencia curricular, actitude cara a aprendizaxe e todas aquelas observacións que se consideren

**ACTUACIÓNS CONXUNTAS DO EQUIPO DIRECTIVO, DPTO. ORIENTACIÓN, TITOR/A E EQUIPO DOCENTE**.

No momento en que se vaia a incorporar un novo alumno/a ao grupo, sobre todo se esta incorporación se produce unha vez iniciado o curso, débese convocar unha **reunión extraordinaria** do Equipo Docente do grupo para pasarlles información e facilitarlle todos os datos dos que se dispón, de xeito que se poida establecer un plan de traballo, concretar as medidas extraordinarias a adoptar e as actividades a realizar nos primeiros momentos (seguindo o Plan de Acollida do centro). Orientacións sobre as actuacións do profesorado

**Acollida no grupo/clase:**

(titor/a, profesorado, alumnado).

Propostas de actividades de:

- Presentación (saúdos en distintos idiomas e rótulos nas dependencias do centro).
- Realización dun percorrido polo centro e visitar as instalacións e dependencias que os alumnos/as vaian utilizar.
- Establecemento do alumno/a titor/a que o/a acompañará nos primeiros movementos no centro e ó/á que poderá acudir en momentos de conflito ou necesidade.
- Informar ao alumnado do lugar de procedencia do alumno/a inmigrante: localización no mapa, idioma, relixión, ... Propoñer actividades de coñecemento da cultura dos alumnos inmigrantes (sempre desde unha perspectiva positiva e de respecto).
- Pedir colaboración e darlles orientacións de cómo deben de comportarse con el/a (sen sobreprotexelo /a nin deixalo/a que se apañe por si mesmo/a). Procuramos que un alumno da súa nacionalidade ou que coñeza o seu idioma, sirva de apoio na primeira semana tanto para orientarse no centro como para coñecer dinámicas de funcionamento e integrarse/coñecer compañeiros.
- Facilitar ao alumnado inmigrante información sobre: horarios (co grupo ordinario, do grupo para adquisición de lingua e do grupo para adquisición da competencia curricular se é o caso), vocabulario básico (no seu idioma e no noso), normas de clase (progresivamente), material de clase que debe de adquirir, etc.
- Dentro do PAT incluír actividades que favorezan a convivencia e a resolución pacífica dos conflitos.

## B. PROTOCOLO DE ACOLLIDA DAS FAMILIAS

**Acollida ás familias e titores/as legais**

**Obxectivos**

- Informar ás familias e titores/as legais sobre as normas de organización, funcionamento e convivencia de centro, incluídas as modificacións que poidan xurdir dun curso a outro.
- Fomentar a súa participación na vida do centro e a súa implicación tanto na mellora xeral da convivencia como no proceso educativo dos seus fillos e fillas.

## C. PROTOCOLO DE ACOLLIDA DO PROFESORADO DE NOVA INCORPORACIÓN

**Obxectivos**

- Facilitarlle ao novo profesorado o coñecemento dos aspectos básicos do funcionamento do centro dun xeito máis cómodo e áxil.
- Favorecer a súa integración na vida do centro e fomentar a súa implicación nela.

| ACOLLIDA PROFESORADO QUE CHEGA A PRINCIPIO DE CURSO | | | |
|---|---|---|---|
| **ACTUACIÓN** | **QUEN** | **ACTIVIDADES** | **CANDO** |
| Benvida e información xeral sobre o centro | Equipo directivo, Conserxes e Administrativa | Presentacións, orla do profesorado, documentación, visita guiada polas instalacións do centro. | Momento de chegada |
| Introdución xeral dos principais documentos organizativos do centro e dos diferentes programas e proxectos que se desenvolven. | Equipo directivo/ Dinamizador/a da convivencia | Folletos de normas de convivencia e dereitos e deberes; táboa de funcións da titoría se procede e carpeta xeral de documentación do centro en formato electrónico | Inicio de curso |
| Incorporación ao departamento didáctico | Xefe/a de departamento | Materias que imparte, grupos, programación didáctica, recursos materiais do departamento, reunións… | Inicio de curso |
| **ACOLLIDA PROFESORADO SUBSTITUTO** | | | |
| Protocolo similar ao anterior excepto a temporalización, que se adaptará ao momento de chegada. No caso de que sexa o Xefe/a de departamento a persoa substituída será outro membro do departamento o que realice a tarefa de acollida. | | | |

## CONTRATOS-PROGRAMA

| D. Plan ou proxecto | Etapa |
|---|---|
| Mellora das competencias clave: competencia matemática, competencia en comunicación lingüística e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía | **ESO** |
| - IGUÁLA-T - CON-VIVE - INCLÚE-T - | **ESO**<br>**FP Básica** |
| Prevención do abandono temperán e do absentismo escolar - | **ESO**<br>**FP Básica** |
| Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia - | **ESO** |
| Mellora da calidade na xestión dos centros | **ESO** |

## PLAN ARCO (1º TRIMESTRE) / PLAN PROA +

A lexislación vixente coa finalidade de desenvolver medidas encamiñadas cara a un sistema educativo de calidade que garanta a equidade, a igualdade de oportunidades, a atención á diversidade e que posibilite que cada alumno e cada alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades. Neste sentido, a iniciativa de contratos-programa trata de constituír un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, poidan desenvolver un plan de mellora no que se poida, en función das necesidades detectadas e do proxecto educativo, potenciar, de forma prioritaria, o desenvolvemento das competencias clave, mellorar a convivencia, reducir as taxas de abandono escolar temperán, promover a igualdade de xénero e a inclusión, afondar no logro da excelencia educativa, así como proporcionar atención educativa para a compensación de desigualdades na educación.
A iniciativa, dirixida a alumnado matriculado en centros docentes públicos, consta de varias **liñas que desenvolverán axustes educativos dentro da aula ordinaria**, co obxecto de favorecer a súa participación no grupo-clase e a consecución do máximo desenvolvemento emocional, intelectual, social e profesional de todo o alumnado.

- ***PENDENTES PARA O CURSO 2022 - 23***

**Comunicación da AUTORIZACIÓN da familia para a participación na iniciativa Arco**

Estimados pais e nais:

Coa finalidade de axudar a mellorar os resultados educativos do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, o noso centro participa no curso 2021-2022 na Iniciativa ARCO, polo que un/ha docente asignado/a a este programa reforzará ao alumnado beneficiario **en horario lectivo dentro/fóra da aula ordinaria**, como consecuencia da situación derivada da COVID-19. Nestes apoios ofreceráselles unha atención persoal e individualizada que lle permita mellorar o seu rendemento escolar e acadar unha motivación positiva de cara ás súas aprendizaxes.

O reforzo realizarase nas seguintes sesións: Sesións das materias de Lingua Castelá e Lingua Galega

Deben devolver ao centro a autorización que se xunta debidamente cuberta e asinada.

A DIRECTORA

Asdo. Juana Mª Mouriño Otero

**Declaración da familia sobre a autorización da participación na Iniciativa ARCO**

D./D.ª..........................................................................................., con DNI ............................. e teléfono de contacto ......................., pai/nai/titor/titora do/a alumno/a ............................................................................ matriculado/a no curso e grupo ................,

☐ **Autorizo**

☐ **Non autorizo**

a participación do/a meu/miña fillo/a na Iniciativa ARCO no curso 2021-2022

| |
|---|
| ......................……. a ...............… de ..................… de 20…… |
| Sinatura: |

PFP RELACIONADOS COA CONVIVENCIA E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- EDIXGAL (ESO).
- Formación Videoconferencias

## E. PROTOCOLO DE ABSENTISMO

O absentismo é a ausencia do centro escolar sen causa xustificada do alumnado menor de 16 anos. Para consideralo absentismo debe representar como mínimo o 10% do horario lectivo mensual (13 sesións).
Faltas xustificables
a) Citacións que impliquen un deber inescusable.
b) Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
c) Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares.
d) Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 2 días lectivos.
e) Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.

Comunicación das faltas
O profesorado titor comunicará ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais do alumnado todas as faltas de asistencia a clase de cada mes, dentro dos primeiros cinco días naturais do mes seguinte, diferenciando as xustificadas das non xustificadas.

PROTOCOLO.-

Por expediente de absentismo enténdese o conxunto de documentos nos que se recollen as actuacións derivadas da aplicación do protocolo de absentismo.

- O expediente de absentismo custodiarase na secretaría do centro educativo, formando parte do expediente da alumna ou do alumno. A ese expedienteiranse incorporando, de ser o caso, todos aqueles documentos que teñan algunha relación coa súa tramitación ou resolución.

- Procedemento

**Inicio do expediente**

Cando o profesorado titor verifique que unha alumnaou un alumno presenta un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ao dez por cento (10 %) do horario lectivo dun determinado mes proporá, co visto e prace da dirección do centro educativo, o inicio dun expediente de absentismo e comunicará a situación á xefatura de estudos. O inicio dese expediente deberá realizarse, como máximo, dentro dos sete días naturais seguintes á data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual.

**Tramitación do expediente**

a) Activado o protocolo de absentismo, a xefatura de estudos recollerá información de todos os profesionais que realizan algunha actuación e incorporaraa ao rexistro de contactos, indicando:

•Data da intervención
•Motivo da intervención

•Forma de contacto
•Persoa do centro que realizou a intervención
•Conclusións da intervención ou resposta da familia

b) Detectada unha situación de absentismo, o profesorado titor convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumnoa unha entrevista para analizar e resolver esa situación, de ser o caso.

Desa reunión levantará acta o profesorado titor.

c) Se coa intervención do profesorado titor se reconduce a situación, paralizarase o proceso e arquivarase o expediente.

d) O profesorado titor informará a xefatura de estudos dos resultados da reunión anterior. No caso de que non se producise o arquivo do expediente, a xefatura de estudos convocará a nai, o pai ou as persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno a unha entrevista para analizar a situación creada e tratar de buscar unha solución, e levantará acta desa reunión.

De reconducirse a situación, paralizarase o proceso e arquivarase o expediente.

e) A xefatura de estudos cubrirá o rexistro de cumprimento das distintas actuacións establecidas no expediente de absentismo, indicando, cando menos:

•A data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o dez por cento (10 %) do horario lectivo mensual.

•A data de apertura do expediente de absentismo dentro dos sete días naturais seguintes á superación da porcentaxe indicada no apartado anterior.

•No caso de non cumprir con algunha das actuacións previstas, a xefatura de estudos informará sobre as causas dese incumprimento mediante dilixencia no propio rexistro.

f) De non producirse o arquivo do expediente nalgunha das actuacións anteriores, a dirección do centroeducativo notificarao ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente e ao Concello de residencia da alumna ou do alumno,xunto coa listaxe de faltas de asistencia a clase non xustificadas e o rexistro de cumprimento das actuacións e dos prazos nas que se desenvolveron. Esta notificación producirase no prazo dos trinta días naturais desde o inicio do expediente de absentismo.

## F. PROTOCOLO TDAH

No caso de sospeita de alumno/a con TDAH seguirase o indicado no punto 5.3 deste protocolo que regula a actuación dos servizos de orientación.

**Actuacións dos servizos de orientación**

A orixe da sospeita de que unha alumna ou un alumno poida presentar TDAH pode proceder de diferentes fontes: da familia, do profesorado titor, doutro profesorado, e tamén do propio orientador ou orientadora ante a presenza de dificultades na súa marcha escolar. Cando isto sucede faise necesaria a intervención dos servizos de orientación, en concreto, da orientadora ou do orientador do centro educativo. E esa intervención debe estar precedida dunha solicitude escrita procedente dos ámbitos escolar ou familiar.

A persoa que realiza a solicitude debe especificar, cando menos, o motivo dela, cales foron os primeiros elementos de alarma e cando se produciron, así como as medidas que xa se adoptaron. Esa solicitude debe contar, de ser o caso, coa autorización escrita da nai, do pai ou das persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno.

Unha vez que a orientadora ou o orientador recibe a solicitude de intervención comeza o desenvolvemento da avaliación psicopedagóxica, na que se poderá solicitar, de ser necesaria, a colaboración do correspondente equipo de orientación específico (EOE), segundo o procedemento establecido para o efecto.

A avaliación psicopedagóxica

A avaliación psicopedagóxica desenvolverase segundo se establece na normativa que a regula. O orientador ou a orientadora informará á familia do seu resultado e farase fincapé nas

necesidades dos distintos ámbitos e na importancia da coordinación cos servizos sanitarios e/ou sociais, se fose necesaria. Por outro lado, informarase tamén sobre as características do trastorno e sobre o tratamento psicoeducativo que se propón.
En todo caso, cando existan fundadas sospeitas de que un alumno ou unha alumna presenta TDAH, esta avaliación debe obter información obxectiva, entre outras cousas, sobre:

- O grao de presenza de síntomas característicos do trastorno apreciados pola familia, de acordo cos criterios diagnósticos para o TDAH.
- O grao de presenza de síntomas característicos do trastorno apreciados polo profesorado, de acordo cos criterios diagnósticos para o TDAH. Dende o punto de vista do profesorado, enténdese recomendable a obtención de información dos distintos integrantes do equipo docente e referida a diferentes situacións que se producen no ámbito escolar (aula, patio de recreo, comedor, autobús, etc.).
- A presenza de síntomas que suxiran a existencia doutras dificultades ou condicións que poden acompañar (comórbidas) ao TDAH.
- O desenvolvemento cognitivo da alumna ou do alumno.
- O grao de competencia da alumna ou do alumno na lectura, na escritura e no cálculo.

O informe psicopedagóxico

O informe que recolla as conclusións da avaliación psicopedagóxica debe axustarse ao establecido legalmente e nel deben identificarse, con claridade:

- As manifestacións apreciadas na alumna ou no alumno e o grao no que son compatibles co establecido no DSM-IV TR para o TDAH.
- A evidencia das repercusións negativas que se están a producir no funcionamento educativo, familiar e social da alumna ou do alumno.
- O grao de severidade global apreciado.
- A necesidade específica de apoio educativo que presenta a alumna ou o alumno e a proposta de recursos e medidas que se estiman necesarias, así como as orientacións para a intervención educativa.

## G. PROTOCOLO TEA

Protocolo de tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA)

Un dos principais propósitos do Protocolo é o de contribuír á detección temperá dos nenos e das nenas con risco de presentar un trastorno do espectro do autismo. O amplo consenso actual, entre profesionais que traballan con estes nenos e estas nenas, sobre o beneficioso que resulta para a súa evolución e para a súa integración social un coñecemento precoz do TEA, que oriente o traballo que cómpre desenvolver nos ámbitos familiar, educativo e sanitario, son razóns suficientes para que eses aspectos formen parte das finalidades deste protocolo. En Secundaria, con todo seguridade xa diagnosticado en Primaria, o que se fai é un seguemento e unhas pautas de intervención educativa, descritas no dito protocolo.

Seguirase o **Esquema do protocolo** para alumnos TEA no noso IES.

É un trastorno xeralizado do desenvolvemento que implica alteración do desenvolvemento social e comunicativo e intereses restrinxidos e estereotipados, sen ter asociado retraso mental nin retraso da linguaxe.

As dificultades que presentan estes alumnos organízanse en tres áreas:

**Comunicación e linguaxe**

As dificultades refírense sobre todo á regulación social da linguaxe.

Poden usar unha linguaxe demasiado correcta ou pedante, con dificultades para adaptalo ao contexto social no que se atopan.

Poden ter dificultades na linguaxe metafórica (dobles sentidos, ironías, frases feitas), que escapa á súa comprensión e poden tomar de forma literal.

Pode costarlles traballo regular o volumen da voz.

Dificultades para iniciar conversas, mantelas e rematalas de forma axeitada; atopar temas axeitados e ter en conta a información que manexa o interlocutor. Moitas veces falan do tema que lles interesa, volvendo a él continuamente.

**Relacións sociais**

Pensamento literal e ríxido, con dificultades para imaxinar os pensamentos, sentimentos e opinión de outras persoas. As normas e regras do mundo social sonlles descoñecidas e as terminan apredendo e empregando de maneira mecánica.

Non saben interpretar os sinais non verbais, polo que poden comportarse de maneira antisocial, con malentendidos e meteduras de pata que a veces nin siquera entenden.

**Inflexibilidade mental e comportamental**

Dificultades para xerar alternativas diferentes de maneira espontánea. Por eso as rutinas e ambientes predecibles lles dan seguridad.

Teñen pouca imaxinación e prefiren xogos mecánicos.

Soen ter un tema de interese no que se centran moito e no que poden ser expertos.

**Condutas habituais en secundaria**

- Soen estar sos nos recreos e buscar adultos cos que falar
- Os compañeiros de clase os ignoran ou rexeitan.
- A relación cos compañeiros pode ser conflictiva. Pode ter reaccións desproporcionadas por algún comentario inocente que él considera ofensivo.
- Malas presentación e mala letra
- Nalgunhas materias pode estar moi perdido e noutras irlle moi ben.
- Pode non participar nunca na clase ou por outro lado non deixar de interrumpir.
- Linguaxe demasiado pedante e correcto.
- Pode falar aos profesores con demasiada familiaridade.

**Algunhas dificultades concretas serían**

Para organizar estímulos e situacións:

- Integrar toda a información para darlle un sentido global
- Tendencia a fixarse nos detalles
- Habilidades especiais ou islotes de capacidade.
- Comentarios inapropiados
- Rixidez cognitiva (de ideas, pensamentos, hábitos…)

Para establecer unha meta, os pasos intermedios e axustes para acadala

- Organizar e secuenciar os pasos para solucionar un problema
- Comezar e finalizar unha actividade
- Tomar decisión
- Flexibilidade para adoptar diferentes perspectivas
- Mala xestión do tempo
- Distracción con aspectos irrelevantes
- Linguaxe repetitivo e literal

- Rutinas e rituais
- Intereses limitados
- Atención dividida
- Dificultade para aprender dos erros

Para intuir e comprender os pensamentos, desexos, sentimentos… dos demais.

- Dificultade para predecir a conduta dos outros
- Para darse conta das intencións e motivacións das condutas dos outros
- Para anticipar como os comentarios e condutas poden influir nos demais.
- Para ter en conta as circunstancias do interlocutor
- Para mentir e entender engaños.
- Para entender as convencións sociais
- Xuzgar como ameazantes as situacións sociais non comprendidas.
- Entender e vivenciar o concepto de vergonza
- Ansiedade pola constante demanda que supón desenvolverse nun mundo que non comprenden

**Na aula**

- Dificultades de planificación e organización.
- Atención inconsistente
- Dificultades na escritura
- Baixa resistencia á frustración
- Traballo en grupo: ser elexidos, debatir, escoitar as ideas de outros.
- Boa memoria mecánica e para o detalle
- Dificultades para tomar apuntes.
- Dificultades para facer exames: comprensión dos enunciados, planificación e organización das respostas, síntesis de contidos, organización do tempo, iniciativa para resolver dúbidas
- Dificultades para manter a atención, pero tamén pode ser que presten mais atención da que parece.
- Dificultades para captar ironías, dobres sentidos, frases feitas…
- Dificultades de coordinación motora e motricidade grosa (educación física e deportes) e fina (grafía, presentación de traballos, instrumentos musicais)
- Dificultades en educación física, pola coordinación, dificultades sociais e para comprender as normas de xogos e deportes.
- Dificultades sociais nos recreos e relacións cos compañeiros.
- Posible hipersensibilidade ante ruidos ou luces fortes.

**ESTRATEXIAS XERAIS**

**Inflexibilidade ante os cambios**: intentar evitar modificacións en horarios, actividades imprevistas…, e se vai a haber cambios, intentar anticiparllos e explicarlle paso a paso en que consistirán. As situacións imprevistas poden provocar situacións de estrés no alumno.

**Dificultades no autocontrol**: intentar combinar tarefas mais motivantes coas menos motivantes, axudalo a que estructure as súas conductas nos cambios de clase, recreos..., e se é o caso, lembrarlle estratexias de autocontrol, como a respiración, buscar un lugar para calmarse…

**Conductas disruptivas**: sácalo da clase, non como castigo, só para que se calme.

**Cumprimento de normas**: pode ser útil colocar nun lugar visible da aula as normas xerais. Facer explícitas as normas de comportamento, divididas nos maiores pasos posibles para que as interiorice.

**Habilidades sociais**: Intentar integralo gradualmente nos grupos de traballo. Sometelo a demandas sociais crecentes. Ao mesmo tempo permitirlle traballar en solitario con frecuencia para non aumentar a súa ansiedade.

**Aspecto académico**

- Colocar un horario semanal visible na clase.
- Horario mensual na clase coas datas de exames, entregas de traballos…
- Empregar axenda na que anote tarefas diarias, actividades ocasionais, traballos, exames, temas que estudar na casa, intentando supervisalo no posible sobre todo ao principio e intentar que vaia adquirindo autonomía progresivamente.

## H. PROTOCOLO DE RISCO SUICIDA

A continuación presento un resumo da información máis salientable incluída no Protocolo para a abordaxe do risco suicida publicado pola Consellería de Educación.

**Factores de risco:** Coñecer os factores de risco permitiranos estar en disposición de detectalos e actuar en consecuencia.
**A.Individuais:**

Os pensamentos e condutas suicidas son un proceso complexo no que interactúan variables de tipo biolóxico, psicolóxico, social, ambiental, situacional, e que poden variar desde a ideación suicida, planificación suicida, intento de suicidio e suicidio. Desde o ámbito educativo debemos observar con seriedade calquera cambio repentino que lle afecte ao rendemento escolar, á asistencia ao centro escolar ou ao seu comportamento tanto co profesorado coma co alumnado, ademais dos seguintes trazos:

- Antecedentes/presenza de trastornos mentais.
- Intentos previos de suicidio.
- Desesperanza e sufrimento psíquico.
- Presenza de ideación suicida.
- Enfermidade física, cronicidade, dor ou discapacidade.
- Historia de maltrato físico e/ou abuso sexual.
- Dificultades na identidade ou orientación sexual.
- Acoso escolar.
- Perda de figuras significativas.
- Fácil acceso a medicamentos, tóxicos ou armas.
- Descenso xeneralizado nas avaliacións, no esforzo e no interese.
- Condutas disruptivas e problemas significativos de relación.
- Ausencias ao centro inexplicables, repetidas e sen permiso.
- Consumo excesivo de tabaco, alcol ou doutras substancias.
- Cambios no comportamento na casa e/ou na escola, variación nos hábitos alimenticios, cambios nos hábitos de soño, cambio de carácter e ánimo.
- Trastornos de control de impulsos, rixidez mental, baixa tolerancia á frustración e trazos moi manipuladores.

**B. Familiares e contextuais:**

- Historia familiar de suicidio ou no contorno
- Ausencia de apoio sociofamiliar.
- Presenza de enfermidade mental nos proxenitores.
- Clima emocional caótico na familia.
- Dificultades socioeconómicas graves.

**Podemos considerar que nos atopamos diante dunha situación de risco cando:**

‣ Se teña constancia de comportamentos autolíticos no pasado.
‣ Se observen no curso actual factores de risco relevantes e soporte inadecuado de factores protectores.
‣ A familia comunique ao centro a súa propia percepción de que existe risco.
‣ As persoas do contorno próximo ao/á alumno/a comuniquen a súa percepción da existencia de risco ao/á docente titor/a, amigos/as.
‣ Cando os servizos de saúde mental ou servizos sociais informen ao/á orientador/a, director/a do centro ou ao Equipo de Orientación Específico dunha situación de risco.

Os grupos de alto ou maior risco para ter pensamentos e plans de suicidio son os seguintes:

‣ Alumnos/as que realizaron un intento de suicidio previo.
‣ Persoas con trastorno psiquiátrico (depresión, abuso de sustancias…).
‣ Alumnos/as que perderon a un ser querido por suicidio (supervivente dun suicidio).

Entre os sinais de alarma podemos citar:

‣ Condutas que indican que a persoa está pensando ou planificando un suicidio ou obsesionada pola morte: falar ou escribir sobre o desexo de morrer, sentimentos de desesperanza, querer desaparecer, carta de despedida, sentirse atrapado, sufrir unha dor insoportable, ser unha carga para seres queridos, buscar métodos de suicidio a través de internet, etc.

‣ Cambios máis directos na conduta que poden significar que a persoa está experimentando problemas de saúde mental, que poden asociarse a pensamentos e plans suicidas: perda de contacto coa familia e coas amizades; baixada brusca de rendemento escolar; incremento de consumo de substancias; cambios de carácter e ánimo; cambios de hábitos de soño ou alimentación; amosar ira, angustia ou falar da necesidade de vingarse.

Cantos máis factores de risco concorran nunha persoa, maior será a probabilidade de que a persoa presente unha conduta suicida.

Actuación do profesorado titor respecto do alumnado en risco:

- Recibir e xestionar as comunicacións do profesorado sobre calquera incidencia ou observación que se considere relevante relacionada co benestar e factores de risco do alumnado. Comunicar incidencias ao Departamento de Orientación, Dirección do Centro,..
- Fortalecer a autoestima dos estudantes, utilizando estratexias como o reforzo positivo, atención individualizada e salientando as súas capacidades.
- Prestar unha especial atención e apoio específico aos estudantes máis vulnerables.
- Procurar que o alumnado sobre o que estamos advertidos de que está en situación de risco non estea só durante a súa estancia no centro.

## K. PROCEDEMENTO CO ALUMNADO EN ATENCIÓN DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA

Conxunto de accións que se desenvolven nas aulas hospitalarias para compensar a desvantaxe educativa que presenta o alumnado que permanece hospitalizado durante períodos prolongados por motivos de enfermidade ou accidente. Así mesmo contempla a atención educativa ao alumnado que, sen estar hospitalizado, recibe atención médica no hospital de día.

A atención educativa hospitalaria é desenvolvida a través do profesorado das aulas hospitalarias.

As alumnas e alumnos en réxime hospitalario manteñen a súa escolarización para efectos de avaliación e promoción nos centros de orixe. É por iso polo que o profesorado destas aulas deberá estar en coordinación estreita coa titoría, co departamento de orientación e, no seu caso, co profesorado do centro de referencia, que é o que deberá orientar o programa educativo.

A atención que recibe o alumnado hospitalizado estará en función duración da hospitalización considerando os seguintes grupos:

- Atención ao alumnado de longa hospitalización (máis de 1 mes)
- Atención ao alumnado de media hospitalización (entre 15 días e un mes)
- Atención ao alumnado de curta hospitalización (menos de 15 días)
- Atención ao alumnado que acode ao hospital de día

O alumnado de longa e media hospitalización será o que reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización realizará actividades educativas de carácter xeral.

Desde a aula hospitalaria, e coa conformidade da familia, remitirase unha comunicación ao centro educativo.

**ATENCION DOMICILIARIA**

Responde a esta denominación a atención educativa que recibe o alumnado cando, despois de padecer unha enfermidade crónica 8que cause faltas de asistencia de 6 ou máis días continuados ao mes nun período mínimo de 6 meses) ou de sufrir un accidente, e por prescrición facultativa, deba permanecer convalecente no domicilio familiar, sen poder asistir ao centro educativo durante un período de tempo superior a un mes.

O servizo de atención educativa domiciliaria está concibido para aquel alumnado que estea matriculado en niveis do ensino obrigatorio en réxime xeral, aínda que se poderá atender o alumnado de educación infantil e secundaria postobrigatoria se o caso o require e se se dispón dos recursos necesarios.

As condicións e requisitos que se deben cumprir son os que seguen:

O período de convalecencia no domicilio familiar e de non asistencia ao centro escolar por prescrición facultativa deberá ser polo menos dun mes ininterrompido.

Deberase presentar no centro educativo o correspondente informe médico que xustifique a medida así, como a estimación do período de tempo durante o cal o alumnado non pode asistir a clase no seu propio centro escolar

A solicitude de atención educativa domiciliaria deberá ser tramitada pola dirección do centro educativo ante a Delegación Provincial da Consellería de Educación Ordenación Universitaria a través da Inspección Educativa.

A demanda deberá ser formulada pola familia á dirección do centro educativo de referencia, xuntando o informe médico que certifique que a persoa enferma deberá permanecer no domicilio familiar por espazo de tempo superior a un mes. Desde a dirección tramitarase ao correspondente Servizo de Inspección Educativa da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación.

A solicitude acompañarase tamén do correspondente informe de atención educativa hospitalaria, cando sexa o caso.

A titora ou titor, xunto co departamento de orientación educativa do centro, velará pola elaboración da proposta curricular para traballar co alumnado no seu domicilio, que será trasladada ao profesorado de atención domiciliaria, de ser o caso. A finalidade deste profesorado é servir de vencello entre o centro educativo, a aula hospitalaria, se for o caso, e o alumnado no seu domicilio.

O profesorado de atención domiciliaria coordinarase co/a titor/ e, de ser o caso, recadará información do profesorado da aula hospitalaria para coñecer a situación académica na que se atopa o estudante e establecer un plan de traballo.

No momento de incorporación do alumnado ao seu centro habitual, ou ao final de cada trimestre escolar, o profesorado domiciliario elaborará un informe de valoración do proceso de ensino-aprendizaxe.

### L. PROCEDEMENTO DE INCLUSIÓN DO ALUMANDO DE INCORPORACIÓN TARDÍA

Escolarización do alumnos de incorporación tardía e, en función das súas dificultades:

- En un ou dous cursos menores á que el lle corresponde por Idade.
- En un curso menor a que lle corresponde por Idade.

  En caso de superar o desfase curricular incorporarase ao curso que lle corresponde por Idade.

*Decreto 86/2015 ,de 25 de xuño*

### M. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES

Para o alumnado de 2º de Bacharelato con materias de 1º de Bacharelato pendentes de aprobar, os Departamentos elaborarán un resumo dos contidos mínimos de cada materia e unha explicación clara do tipo de probas a aplicar para recuperar as materias correspondentes.

A distribución das probas a realizar e o número das mesmas será decisión de cada Departamento, aínda que terán en conta a obrigatoriedade de realizar unha proba en maio. De cada proba que se faga, os Xefes e Xefas de Departamento comunicarán á Dirección as cualificacións, co obxecto de introducilas no programa XADE. Na ESO a recuperación de áreas pendentes realizarase mediante a aplicación dos criterios que cada Departamento estableza, se ben a Dirección elabora un calendario de tres probas ao longo do curso: unha en novembro, outra en febreiro e a final en maio.

Cada Departamento decidirá entre axustarse a este calendario, utilizando como procedemento de avaliación as probas escritas, ou cualificar mediante traballos que o alumnado vai entregando ao longo do curso. A avaliación final do alumnado de ESO con materias pendentes realizarase en sesión conxunta para cada nivel á que asistirán os Xefes e Xefas de Departamento, o Xefe de Estudos e a Directora. Os resultados destas recuperacións serán enviados por escrito a las familias, no boletín de cualificacións.

.

## 5. MEDIDAS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS

Criterios organizativos e distribución de recursos:

• Estas actuacións organízanse dentro do horario xeral do centro, flexibilizando o horario e o agrupamento do alumnado.

• Para conseguir a optimización dos recursos, é necesario unificar criterios de actuación entre o profesorado que intervén no proceso educativo do grupo, clarificando as funcións que corresponden ao titor/a, ao equipo de profesores e, se é o caso, ao profesorado de apoio.

• As intervencións específicas, levadas a cabo polo especialista de pedagoxía terapéutica, realizaranse naqueles casos de alumnado con necesidades especificas de apoio educativo, contando co informe previo da xefa do departamento de orientación.

O procedemento que se seguirá para pór en marcha as diferentes medidas de atención á diversidade será o seguinte:

1. Durante o curso anterior recabarase información sobre posibles necesidades detectadas nos grupos da ESO/BAC/FP, a través das reunións dos titores/as co orientador, dos resultados das probas de avaliación inicial de comezos de curso, das diferentes sesións de avaliación, dos resultados das probas de diagnóstico.

2. Aínda que en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten dificultades hai que establecer os apoios e reforzos oportunos, será na 3º sesión de avaliación onde se concrete que medidas de atención á diversidade, de cara ao próximo curso, garantirán unha resposta axeitada ás necesidades detectadas do alumnado.

3. Nesta reunión realízase a selección do alumnado para cada medida e comezarase a informar ás familias.

4. No mes de setembro, tendo en conta os recursos materiais e persoais cos que vai dispor o centro, decídese as medidas de atención á diversidade de cara ao presente curso. Dita proposta formará parte da programación xeral anual.

5. Naqueles casos no que o alumnado se escolarice durante o curso, realizaráselle unha avaliación inicial por parte do equipo de profesorado. Se se detectan graves carencias no seu proceso de aprendizaxe, derivarase ao servizo de orientación para a realización dunha avaliación psicopedagóxica coa finalidade de identificar as necesidades educativas e poder establecer as medidas máis axeitadas.

**Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación ás medidas deseñadas para o centro**

**INTERNOS:**

Titor/a e equipo de profesorado:

• Realizar a avaliación inicial a comezos de cada curso, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ás características do alumnado.

• Facer un seguimento xeral dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar as dificultades e as necesidades educativas coa finalidade de artellar respostas educativas coherentes e, demandar, no seu caso, os oportunos asesoramentos, reforzos e apoios.

• Coordinar co xefe do departamento de orientación a intervención educativa dos alumnos/as que presenten necesidades específicas de apoio educativo.

• Coordinar cos demais profesores do grupo o axuste dos programas, especialmente no referente ás respostas educativas ante as necesidades máis específicas de reforzo e apoio.

• Promover un contexto de colaboración coa familia, intercambiando información relevante que afecte á educación dos seus fillos.

Profesorado de apoio (PT/AL):

• Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

• Colaborar, xunto coa xefa do departamento de orientación e o titor do alumno/a, na organización da atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

• Prestarlle atención docente directa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, segundo o establecido na proposta do informe da orientadora do centro.

• Axudar ao profesor/titor e/ou de materia na identificación de posibles necesidades educativas do seu grupo.

• Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade.

• Colaborar na metodoloxía e avaliación a seguir co alumnado con dificultades.

• Participar na elaboración de material para traballar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

• Participar, de ser necesario, co titor/a nas reunións coas familias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Orientador

• Realizar a avaliación psicopedagóxica daquel alumnado que fose derivado polo profesorado e/ou nais, pais ou titores e titoras legais; así como o correspondente informe psicopedagóxico.

• Deseñar e elaborar os protocolos de demanda de avaliación psicopedagóxica, e dalos a coñecer á comunidade educativa.

• Elaborar o correspondente ditame de escolarización para aqueles casos onde se requira una modalidade diferente e/ou recursos extraordinarios.

• Establecer a proposta de organización de atención ao alumnado por parte do profesorado especialista, coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de pedagoxía terapéutica e/ou audición e linguaxe.

• Asesorar ao equipo directivo sobre as medidas de atención á diversidade.

• Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.

• Asesorar aos departamentos didácticos e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.

• Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

• Coordinar as actuacións levadas a cabo polo profesorado do centro así como dos profesionais de fóra do centro que interveñan na atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Equipo directivo

• Dispoñer e pór en marcha as medidas de atención á diversidade adecuadas ás necesidades detectadas e aos recursos dispoñibles.

• Coordinar tódalas actuacións previstas, xunto co resto do profesorado, tendo en conta o establecido na proposta de concreción anual do plan xeral de atención á diversidade.

**EXTERNOS:**

Nos casos en que, por propia decisión das nais, pais e titores e titoras legais e/ou derivación do departamento de orientación, o alumnado estea sendo atendido por profesionais externos ao centro, estableceranse os contactos necesarios para intercambiar información relevante e buscar vieiros de comunicación coa finalidade de fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado.

**Mecanismos de coordinación e colaboración internos así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos externos ao centro**

Cando se pon en marcha calquera actuación a nivel centro é necesario establecer uns mecanismos de coordinación e colaboración para conseguir o obxectivo que se pretende con dita medida. Estes son:

• Reunión da avaliación inicial para, segundo a información obtida polo equipo docente, tomar as medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

• Reunión puntuais ao longo do curso para establecer unha coordinación entre o equipo de profesorado que traballa co alumnado que está a recibir algunha medida de atención á diversidade.

• Nas tres sesións de avaliación, ademais de valorar as aprendizaxes acadadas polo alumnado, decidirase sobre as medidas a adoptar ou que deban ser adoptadas.

• A través das reunións do orientador cos titores/as do grupo da ESO/FP.

• Nas reunións dos departamentos didácticos, onde se fará un seguimento do alumnado. Para conseguir unha coordinación fluída cos centros adscritos, establécense os seguintes mecanismos:

o A comezos de curso, na 1º reunión trimestral do departamento de orientación, concrétanse as actuacións conxuntas a realizar nos dous centros adscritos e que queda recollido no plan de orientación anual.

o Logo da realización da avaliación inicial dirixida ao novo alumnado de 1º ESO, comunícanselle, nun informe, aos dous centros adscritos, CEIP “Xesús Golmar”, CEIP “Cercio”, os resultados acadados en cada materia, indicando os puntos fortes como as dificultades atopadas a nivel grupo.

o Impulsar encontros entre os mestres/as de primaria e o profesorado de secundaria coa finalidade de facer un seguimento da transición do alumnado do último curso de primaria e do 1º curso da ESO.

o Organización das Xornadas de Portas Abertas para o alumnado de 6º de primaria dos dous centros adscritos da zona, coa finalidade de que coñezan o novo centro.

o Charlas informativas sobre os cambios académicos de primaria á ESO dirixidas tanto ao alumnado de 6º de primaria como ás súas nais, pais e titores e titoras legais.

o No mes de xuño, os titores/as de 6º de primaria cumprimentarán o documento informativo de tránsito da educación primaria á secundaria.

o En cada un dos trimestres realízanse as reunións trimestrais do departamento de orientación coa orientadora do CEIP Xesús Golmar e do CEIP de Cercio- para facer o seguimento das diferentes actividades desenvolvidas durante o curso.

\- Tamén é necesario establecer unha coordinación con aqueles institutos que ofertan etapas postobrigatorias na comarca do Deza:

o Organizar algún tipo de reunión ou Xornadas de Orientación Comarcais.

**Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro**

Para promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado realizaranse as seguintes actuacións:

- Reunión inicial (setembro) para dar información sobre o comezo do novo curso: presentación do equipo directivo e do profesorado do centro, información sobre a organización e funcionamento do centro.
- Entrevistas periódicas mantidas co titor/a ao longo do curso para facer o seguimento académico.
- Cuestionarios de inicio de curso para coñecer datos do contorno socio-familiar do alumnado, hábitos de estudo, afeccións e tempo libre, características persoais do propio alumnado.
- Charlas informativas relacionadas co ámbito da orientación académica: tránsito da etapa de primaria a ESO, opcións académicas e profesionais dos seus fillos e fillas ao rematar a ESO/BAC/FP, información de outras opcións para o alumnado que se atopa en grave risco de abandono escolar.
- Realización de enquisas para valorar as actividades desenvolvidas dentro da escola de nais, país e titores e titoras legais do alumnado.
- Reunións puntuais coa orientadora por demanda das nais, pais e titores e titoras legais do alumnado e colaboración na avaliación psicopedagóxica, cando se estime oportuna, así como tamén no propio proceso de avaliación inicial.
- Participación a través do páxina web do instituto.
- Cos servizos externos ao centro:
- Colaboración con servizos sociais do concello de Lalín e concellos da comarca, se fóra o caso, para facer o seguimento daqueles casos que se atopan en situación de desvantaxe social.
- Colaboración cos servizos sanitarios.
- Colaboración con asociacións que traballan con alumnado con necesidades educativas especiais, como por exemplo, Down Galicia, ONCE, ABAGAL de Santiago, entre outros.
- Colaboración co Equipo de Orientación Específico de Pontevedra
- UACO – RAOGAL.

## 5.1. MEDIDAS ORDINARIAS

### A. ELABORACIÓN DOS GRUPOS

Os agrupamentos son elaborados polo **xefe de estudos** tendo en conta as recomendacións do orientador, a profesora de PT e/ou de AL e o equipo docente do curso anterior. No caso do alumnado de 1º de ESO téñense en conta as achegas dos orientadores/as dos centros adscritos. En todo caso, procúrase que os grupos sexan heteroxéneos. Os alumnos repetidores repártense entre os distintos grupos de cada curso.

A organización e xestión da aula establecerase en función das actividades e materias e tendo en conta a opinión do equipo docente nas distintas sesións de avaliación.

### B. DESDOBRAMENTOS DE GRUPOS

| Materias | Etapa | Cursos |
|---|---|---|
| | | **1º - 4º** |

| ESO BAC | ESO 1º - 2º BAC |
|---|---|

## C. EXENCIÓNS DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA

O alumnado de 1º e 2º curso ESO que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular en materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de segunda lingua estranxeira. Recibirá **reforzo educativo** en aqueles aspectos nos que se detectaran as dificultades, despois do informe pertinente da persoa titora da etapa oo curso anterior, coa colaboración do Departamento de Orientación, no que se fará explícito o motivo da medida adoptada. Trae informe do profesorado titor/a de 6º Primaria.

Nos documentos de avaliación figurará coa mención de exento/a.

A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oída a familia

### APLICACIÓN DE REFORZO EDUCATIVO

**Reforzo educativo** entendido como acción complementaria á ordinaria nas aulas que permita adecuarse aos modos e ritmos de aprendizaxe do alumnado. Profesorado con dispoñibilidade horaria e/ou profesora de PT e AL. Podería estar a profesora/s de PT/AL ou calquera outro profesor/a dentro da aula, conxuntamente co profesor/a da materia.

## D. APOIO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA

**Profesorado** (ordinario ou especialista noutras materias) con dispoñibilidade horaria dentro do mesmo nivel ou niveis próximos, exceptuando ao alumnado con características moi específicas que precisen do especialista en PT.

Sería no caso de **reforzo educativo** e para aquel alumnado que presente dificultades de aprendizaxe nos aspectos básicos e instrumentais é do currículo e, non desenvolvesen convenientemente os hábitos de traballo e estudo.

- Tamén no caso de alumnado con avaliación negativa nalgunhas materias do curso precedente e en particular aos que non promocionen de nivel, sempre que non sexa por falta de traballo e esforzo do alumno.
- Tamén no caso de aqueloutros que presenten algunha outra circunstancia que, a xuízo do titor/a, oreintador/a e xefatura de estudos, xustifiquen convenientemente a súa inclusión nestas medidas.

As medidas de reforzo educativo, cuxa finalidade é lograr o éxito escolar, deberán orientarse á recuperación dos hábitos de traballo e estudo, e os coñecementos non adquiridos. O apoio darase, fundamentalmente, nas áreas de Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas.

## E. PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR

Dirixidos ao alumnado con altas capacidades. O profesor de cada materia será o responsable da súa elaboración en colaboración co Dpto. de Orientación.

O **enriquecemento curricular** supón a formulación de experiencias e o axuste dos programas ás características e necesidades do alumnado con altas capacidades para o traballo na aula. Non se trata de adiantar obxectivos senón de profundar neles a fin de enriquecer e ampliar as programacións e pode ir dirixido ao grupo-clase co que poderá beneficiarse todo o alumnado.

O enriquecemento require deseñar proxectos, exercicios, tarefas,... tendo como referencia o currículo ordinario. Ofrece aprendizaxes máis ricas e variados, dando opción ao alumnado para marcar o seu ritmo e desenvolver actitudes máis favorables para o traballo escolar.

Para o desenvolvemento destes programas é necesario que o **profesorado exerza o labor de titor/a**, que encamiñe o traballo do alumno/a e canalice os seus esforzos. O seu labor de profesor-mediador será esencial na detección dos puntos fortes nos que profundar e nas lagoas que completar. Non obstante o profesorado debe establecer unhas regras claras e precisas para que o alumnado poida traballar de maneira autónoma na que se promova a creatividade.

Hai diferentes formas de levar a cabo o enriquecemento curricular e a elección dependerá das características do alumno/a, do grupo e das preferencias do profesorado:

| |
|---|
| 1. Programar actividades de enriquecemento partindo do currículo |
| 2. Recunchos de enriquecemento. |
| 3. Proxectos de traballo de investigación. |
| 4. Enriquecemento extracurricular. |
| 5. Programas específicos de desenvolvemento cognitivo. |
| 6. Programas de desenvolvemento da creatividade. |
| 7. Programas de desenvolvemento de habilidades sociais e intelixencia emocional |

## F. PROGRAMAS DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS

**LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN:**

**DIFICULTADES LECTOESCRITORAS**. Traballaremos os seguintes aspectos:

**Manifestacións das dificultades lectoras**:
- Dificultades na linguaxe oral: retraso na fala, na pronuncia de palabras, de vocabulario, …
- Dificultades na lectura: aprendizaxe lector, no deletreo, no recordo de sons, …
- Dificultade na linguaxe escrita: escrita desorganizada, copia con dificultade, …
- Dificultade nas matematicas: dificultade para contar, para memorizar conceptos, vocabulario matemático pobre, …

**Principais erros**:
- Erros da exactitude lectora: adicións, inversións, omisións, …
- Erros na escrita: grafías repetidas, contaminacións, omisións, inversións, …
- Erros na velocidade lectora: silabeo, non puntuación, vocalización, regresión, …
- Dificultades na comprensión lectora: recoñecer o significado das palabras, de memoria, de atención, de resumo, de percepción analítica, …

**Avaliación das dificultades lectoras:**
Probas específicas
Probas informais
Probas pedagóxicas

**Exercicios e actividades de reforzo educativo**
- De exactitude lectoescritora
- Na inversión de letras e sílabas
- Na separación de palabras
- Na conciencia fonolóxica
- De velocidade lectora
- De comprensión lectora

**DIFICULTADES NO CÁLCULO**. Traballaremos os seguintes aspectos:

**Principais erros:**

- Erros de números
- Erros de seriación.
- Erros de operación básicas
- Erros de problemas (de comprensión)
- Erros de memorización.
- Erros de signos operativos.
- Erros de representacións gráficas
- Erros de abstracción
- Erros de cálculo mental

**Avaliación das dificultades do cálculo**. Dende o Departamento realizaremos as seguintes probas: dende test ata probas psicopedagóxicas de aprendizaxes instrumentais. Indicadores:

- Conceptos básicos
- Numeración
- Cálculo operatorio
- Resolución de problemas
- Contidos topolóxicos e xeométricos
- Medidas

a. **Actividades de reforzo educativo**, centradas en:

1. Entrenamento de conceptos básicos
2. Números e seriacións
3. Operación básicas
4. Xeometría
5. Resolución de problemas: comprensión, execución, revisión, …
6. Cálculo mental
7. Memorización
8. Signos operativos
9. Reversibilidade
10. Razoamento lóxico e numérico

**DIFICULTADES NA ESCRITA**. Traballaremos os seguintes aspectos.

- Aspectos grafomotrices: linealidade, separacións, tamaño, …
- Problemas de percepción
- Control motriz
- Lateralidade
- Déficits de memoria e atención
- Control postural
- Pautas de esrita Factores dispedagóxicos
- Déficits de prensión e presión

…

Tipos de **DISGRAFÍAS**:

- Escritura ríxida
- Escritura débil
- Escritura impulsiva
- Escritura lenta
- Desorde motriz

…

**Avaliación das disgrafías**: Dende escalas de escritura, probas psicopedagóxicas e pedagóxicas (grafismo, orientación, tamaño, unións, inclinacións, actitudes, velocidade, …)

**Exercicios para correxir/intervir sobre os erros da escrita:**

❖ Preventivos (movementos de dedos, de mans, de brazos, …)

- ❖ Entrenamento da escrita
- ❖ Exercicios correctivos: maiúsculas e minúsculas, trazo de curvaturas, separación de palabras, …
- ❖ Traballar a palabra escrita para desenvolver procesos léxicos, sintácticos, …
- ❖ Traballar o vocabulario ortográfico
- ❖ Exercicios de reforzo tipo caligrafía, unión de letras, …
- ❖ Traballo de estratexias de composición, de apoio (uso de diccionario, de enciclopedias, …)
- ❖ Traballo sobre a narración, a descripción, a redacción, …
- ❖ Intervir sobre aspectos motóricos da escrita: linealidade, xiros, tamaño e forma, …

**Orientacións metodolóxicas**

- ❖ Posición do corpo
- ❖ Posición das mans
- ❖ Colocación do papel
- ❖ Coordinación díxito – manual
- ❖ Revisión de textos
- ❖ Trazado
- ❖ Atención

i

**DIFICULTADES DA LINGUAXE ORAL** . Traballaremos os seguintes aspectos:

- Aspectos etiolóxicos: orixe das dificultades: audióxena, evolutiva, …
- Traballo con probas de articulación
- Actividades de reforzo educativo
- Exercicios preventivos
- Emitir sons
- Respiración
- Soplado
- …
- Exercicios correctivos
- Exercicios linguais
- Exercicios labiais
- Exercicios de discriminación auditiva, fonética, …
- Material: espellos, programas informáticos, bibliografía logopédica, …

**Intervención nas dificultades de aprendizaxe da linguaxe oral**:

❖ Intervención en dislalias

1. Exercicios de respiración
2. Exercicios linguais
3. Exercicios de discriminación auditiva
4. …

❖ Intervención en disfonías / disfemias

1. Modificación de actitudes
2. Reforzamento
3. …

❖ …

**Intervención en dificultades de aprendizaxe da linguaxe**

- ❖ Fonoloxía, semántica, …
- ❖ Percepción auditiva
- ❖ Comunicación
- ❖ …

ii
**DIFICULTADES PARA O ESTUDO . Traballaremos aspectos como:**

**Principais dificultades:**
- Falta de motivación
- Ambiente de estudo deficiente
- Falta de organización e planificación
- Falta de atención e concentración

…
❖ **Avaliación das dificultades ante o estudo**
1. Avaliación informal: cuestionarios en titoría, escalas, …
2. Cuestionarios estandarizados.

❖ Proposta de métodos de estudo e técnicas de estudo actuais.
❖ Actividades de reforzo educativo
1. Actitudinais
2. De planificación
3. De suliñado
4. De esquemas
5. De resumo
6. …

**DIFICULTADES DE COMPRENSIÓN LECTORA. Aspectos como:**

**Causas desta dificultade:**
- Deficiencias no codificación
- Confusións
- Escaso vocabulario
- Escasos coñecementos previos
- Problemas de memoria

…
**Pautas de intervención desde reforzo educativo**:

❖ Estratexias de compresión lectora:
1. Activar o coñecemento previo
2. Atender á idea principal do texto
3. Avaliar os contidos de xeito crítico
4. Obter conclusións, …

❖ Estratexias de aprendizaxe
1. Centradas en habilidades de planificación
2. De reflexión sobre o texto
3. De avaliación, …

**DIFICULTADES NA ATENCIÓN. Traballaremos aspectos relacionados con:**

**Principais dificultades**
Ausencias mentais
Lagoas temporais
Atención e motivación
**Intervención dende reforzo educativo**:

❖ Tarefas atencionais

1. De percepción
2. De integración
3. De comparación
4. …

**Orientacións e pautas metodolóxicas**

5. Autoinstruccións
6. Estratexias atencionais: revisar tarefas, atención auditiva, comparación visual,.
7. Tarefas correctivas
8. …

## G. PROGRAMAS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

Para o alumnado de 2º de Bacharelato con materias de 1º de Bacharelato pendentes de aprobar, os Departamentos elaborarán un resumo dos contidos mínimos de cada materia e unha explicación clara do tipo de probas a aplicar para recuperar as materias correspondentes. A distribución das probas a realizar e o número das mesmas será decisión de cada Departamento, aínda que terán en conta a obrigatoriedade de realizar unha proba en maio. De cada proba que se faga, os Xefes e Xefas de Departamento comunicarán á Dirección as cualificacións, co obxecto de introducilas no programa XADE.

Na ESO a recuperación de áreas pendentes realizarase mediante a aplicación dos criterios que cada Departamento estableza, se ben a Dirección elabora un calendario de tres probas ao longo do curso: unha en novembro, outra en febreiro e a final en maio. Cada Departamento decidirá entre axustarse a este calendario, utilizando como procedemento de avaliación as probas escritas, ou cualificar mediante traballos que o alumnado vai entregando ao longo do curso. A avaliación final do alumnado de ESO con materias pendentes realizarase en sesión conxunta para cada nivel á que asistirán os Xefes e Xefas de Departamento, o Xefe de Estudos e a Directora. Os resultados destas recuperacións serán enviados por escrito a las familias, no boletín de cualificacións.

## H. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS SUSPENSAS

En cada programación dos distintos Departamentos

## I. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS

**PROPOSTA DE PROGRAMA ESPECÍFICO PERSONALIZADO**

1.-XUSTIFICACIÓN

O decreto 86/2015 que establece o currículo da ESO e Bacharelato en Galicia, sinala no art. 7 a atención educativa para ACNEAE (o que inclúe dificultades de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades, incorporación tardía ao sistema educativo, condicións persoais ou de historia escolar…), co fin de que acaden o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias de cada etapa.

A lexislación que regula a atención á diversidade do alumnado en Galicia (D. 229/2011 do

7 de decembro de 2011) inclúe no artigo 8 as medidas ordinarias que faciliten a adecuación do currículo prescritivo (sen alteracións significativas) ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

Ditas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe.

Entre as medidas ordinarias que os dptos didácticos deben poner en práctica, contémplanse:

- ✓ Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado
- ✓ Adaptación de tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación
- ✓ Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

- ✓ Programas de recuperación de pendentes
- ✓ Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas
- ✓ **Programas específicos personalizados**

A día de hoxe estamos pendentes de elaborar, nalgún caso e noutro xa se fixo dun programa básico que permita establecer atención específica personalizada para certo ACNEAE sen chegar a afectar a elementos prescritivos do currículo. Este é o obxectivo da presente proposta: establecer unha serie de recomendacións/pautas que deben ter en conta os dptos didácticos, para poder dar unha atención o máis individualizada e consensuada posible no caso de que algún alumna/a a precise en base ás súas peculiaridades, que veñen descritas a continuación.

| | |
|---|---|
| • Con dificultades/trastorno específico da aprendizaxe | |
| | -trastorno específico da aprendizaxe con dificultade para a lectura (dislexia, exactitude, |
| | velocidade, comprensión, precisión…). |
| | -trastorno específico da aprendizaxe con dificultade para matemáticas (precisión e fluidez de cálculo, lectura simbólica, conceptos numéricos, razoamento lóxico-abstracción, resolución de problemas, comprensióin de regras do cálculo ou discalculia…) |
| | - trastorno específico da aprendizaxe con dificultade para expresión escrita (disgrafías, |
| | disortografías, expresión e composición..) |
| | -trastornos da aprendizaxe non específicados |
| • Trastornos da comunicación | |
| | -trastorno da linguaxe -trastorno da fala |
| | -trastorno da fluencia de inicia na infancia (tartamudeo) |
| | -trastorno da comunicación pragmática |
| | -trastorno da comunicación non especificado |
| • Con trastorno do neurodesenvolvemento (discapacidade intelectual), motores, sensoriais | |
| | - con intelixencia inferior á media (discapacidade intelectual, retraso global do |
| | desenvolvemento, discapacidade intelectual non específicada…) |
| | -con problemas de mobilidade (distintos graos de parálise cerebral; espiña bífida; accidentes, |
| | tumores que afectan ao sistema motor, miopatías, amputacións, desenvolvemento da |
| | coordinación, movementos estereotipados, tics…) |
| | -con deficiencias visuais (máis ou menos graves), auditivas (xordeira, hipoacusias …) |
| | -trastornos do neurodesenvolvemento non especificado |
| | -TDA/H -TDA/H non especificado |
| • Con trastornos disruptivos, de control de impulso,de conduta | |
| | -trastorno de personalidade antisocial |
| | -trastorno oposicional desafiante (antes TND) -problemas de relación nos sistemas |
| | familiar/escolar/social (problemas académicos/educativos, relacións país-fillo/as…) |
| | -trastorno da conduta/con emocións prosociais limitadas |
| • Con TEA | |

| | |
|---|---|
| | -trastornos do espectro autista: trastorno autista, Asperger/Autismo de alto rendemento, |
| | trastorno desintegrativo infantil e TXD non especificado |

| | |
|---|---|
| • | Absentismo escolar |
| • | Repetidor/con materias pendentes |
| • | Acollemento/situación desfavorecida |
| • | Risco suicida |
| • | Procedente do estranxeiro |
| • | Altas capacidades intelectuais |
| • | Atención hospitalaria/ domiciliaria |
| • | Mozas embarazadas |
| • | Atraso curricular xeralizado/específico |
| • | Alumnado sometido a responsabilidade penal/protección tutela |

CONSIDERACIÓNS XERAIS

a). As medidas de atención á diversidade abranguen o conxunto de estratexias de planificación e actuación dirixidas a dar resposta ás necesidades derivadas da diversidade de alumnas e alumnos co fin de posibilitar que todo o alumnado acade, de acordo coas súas posibilidades, as capacidades e competencias propias das distintas etapas educativas.

b). O centro educativo incluirá o tratamento da atención á diversidade nos diferentes documentos organizativos do centro, o proxecto educativo e as programacións didácticas.

Así mesmo, no exercicio da súa autonomía pedagóxica, activará accións de aula, curso, etapa e/ou centro que contemplen as características do contexto social e cultural, as necesidades do noso alumnado e as posibilidades formativas do contorno.

c). As medidas de atención á diversidade terán un carácter revisable e estarán

suxeitas a un proceso de avaliación continua, introducindo as modificacións que as necesidades existentes requiran.

d). Todas as medidas propostas levaranse a cabo nun contorno educativo o menos restritivo posible, que propicie a participación de toda a comunidade educativa e a colaboración e coordinación con outras administracións, corporacións locais, servizos e institucións. As familias/titores legais do alumnado será informadas dos proceso, resultados e medidas a aplicar, compartindo o esforzo educativo e participando e colaborando (nos termos legais establecidos) nas decisións que afecta á escolarización e procesos educativos do alumnado.

e). A identificación temperá dos necesidades educativas, a súa valoración e resposta educativa serán prioritarias.Neste sentido a avaliación inicial será un factor preventivo fundamental na atención á diversidade.

## K. PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS E MELLORA DA CONVIVENCIA

Poderiamos definir as habilidades sociais como aquelas condutas que as persoas emiten en situacións interpersoais para obter resposta positiva dos demais. Na medida en que unha persoa relaciónase de forma adecuada con outros, recibe reforzamento social positivo, o cal eleva a súa autoestima. Dito noutras palabras, as persoas con boas habilidades sociais, teñen máis alta probabilidade tanto de conseguir os seus obxectivos como de manter unha boa relación cos demais, feito que aumenta o sentimento de autoeficacia.

Existen investigacións que relacionan os problemas no desenvolvemento das habilidades sociais durante a infancia e os desaxustes que se dan durante a idade adultos. As habilidades sociais poderiámolas ver como un elemento preventivo de problemas condutuais. O comportamento social adquírese a través da aprendizaxe nun proceso permanente de interacción co medio social. Con iso, sería interesante que as persoas lograsen un nivel de autonomía persoal que lles permitise a súa propia autoafirmación, así como actuar e comprender a interdependencia entre as persoas e o seu grupo social.

DESTINATARIOS

Alumnado de  ESO

. OBXECTIVOS DO PROGRAMA

O obxectivo xeral do programa de habilidades sociais é conseguir que os alumnos de E.S.Oadquiran unha conduta social competente que os leve a relacionarse da forma máis efectiva posible tanto cos seus compañeiros como cos profesores e na relación cos demais en xeral.

Ante as características especiais que presenta este alumnado, consideramos que obxectivos específicos a conseguir deben ser :

· Proporcionar información sobre o que son as habilidades sociais e a importancia do seu uso e aprendizaxe.

· Adestramento na habilidade de escoitar, facéndolles ver os beneficios de facelo, influíndo de forma positiva nas súas relacións cos demais

· Adestramento na habilidade de negociar, poñerse de acordo, que lles proporcionará aos alumnos novos modos de previr conflitos.

· Adestramento na habilidade de desculparse, facéndolles ver os beneficios defacelo, influíndo de forma positiva nas súas relacións cos demais.

· Adestramento na habilidade de enfrontarse ás presións, o que lles proporcionará aos alumnos un maior afianzamento da súa personalidade.

. ORGANIZACIÓN

Este programa será desenvolvido dentro do PAT na hora de titoría.

Os materiais son facilitados polo dpto. de orientación. O orientador e xefatura de estudos coordinarán as actuacións nas reunións semanais cos titores.

O titor/a será o encargado de implementalo na aula.

. CONTIDOS

-Coñecemento das habilidades sociais.

-Conduta: pasiva, agresiva e asertiva.

-A comunicación: iniciar e rematar conversas, saudar, desculparse, solicitar información, pedir un favor,…

-Escoita activa.

-As emocións. Vocabulario emocional. Empatía.

-Autoimaxe. Percepción de nós mesmos.

-Autoestima.

-Cohesión grupal. Traballo en grupo.

. METODOLOXÍA

Todas a actividades tratásense con diferente técnicas e metodoloxía, as mais utilizadas serán:

- Dinámicas grupais: Remuíño de ideas, debates, xogos,…

- Técnicas de modificación de conduta: Modelado, Role playing…

- Instrución e aleccionamento: teoría e material didáctico en xeral

- Técnicas de avaliación inicial e final: test, cuestionarios, escalas…

Toda a metodoloxía esta enfocada a manter a atención do alumno por esarazón intentamos que todo teña o seu punto de diversión e xogo á vez que aprenden e desenvólvense nos problemas cotiáns.

. AVALIACIÓN

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso de xeito que poderá sufrir variacións ao longo da súa implementación. Recollerase a opinión tanto do alumnado como dos titores/as.

## PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS PARA FP BÁSICA

### 1. PRESENTACIÓN.

As características e perfil do alumnado de **formación profesional básica** fai necesario que a través de a orientación e titoría abordemos aspectos que melloren o seu desenvolvemento persoal e éxito escolar, por este motivo a acción tutorial nesta ensinanza ten unha especial consideración tal como se recolle na normativa que a regúla.

A acción titorial é entendida como a actividade orientadora que realiza o equipo docente coordinado polo titor/a, debendo concretarse nun contexto determinado. Tendo como fin último a formación integral do alumno ou alumna.

Os ámbitos básicos cara aos que ha de dirixirse son: o alumnado, tanto desde unha concepción individual (a través de a personalización do proceso de ensino- aprendizaxe) como do grupo clase (xestión e dinamización e aspectos de relación social), o profesorado (mediante a coordinación do equipo docente), as familias e naqueles casos necesarios outros sectores e institucións da comunidade.

Dada a súa importancia a acción tutorial non pode estar suxeita a improvisación senón que require ser planificada. Esta planificación queda recollida, a nivel de centro, a través do PAT. A súa concreción ao grupo clase realízaa o titor/a mediante a programación anual da titoría. Nesta programación, entre outros aspectos, detállaserán os programas e actividades que se realizarán no período lectivo, a modo transversal, co grupo de alumnos e alumnas. Con este material preténdese, mediante unha proposta útil e posible, apoiar e complementar o proceso de ensino-aprendizaxe de os alumnos e alumnas que cursan a formación profesional básica, e dispoñer de un banco de actividades a desenvolver en a hora de titoría lectiva do titor con este alumnado.

### 2. PLANIFICACIÓN.

Para levar a cabo a planificación anual co alumnado na Formación Profesional Básica presentamos a modo de exemplo, os aspectos para ter en conta e os elementos da devandita programación anual. En primeiro lugar, ter en conta que para realizar esta programación é moi necesario basearse previamente nunha serie de factores tales como:

• O perfil do alumnado

• Necesidades educativas

• Característica do contexto

**O perfil do alumnado.**

Trátase de un alumnado con experiencia continuada de fracaso, con baixa autoestima e falta de confianza en si mesmo nas contornas de aprendizaxe con escasa motivación por a aprendizaxe, con risco de abandono do sistema educativo sen obter ningunha titulación, poucas habilidades de interacción social, linguaxe restrinxida e déficit en a simbolización, nivel bajo en hábitos e técnicas de estudo, baixas inquietudes formativas e laborais, ...

**Necesidades educativas**

Características do alumnado xorden unhas necesidades educativas, nalgún caso psicolóxicas, que se converterán en aspectos fundamentais: mellorar o autoconocimiento, autoestima e motivación, traballar a confianza en o cambio, a adquisición de compromisos e responsabilidade, de adecuados hábitos e técnicas de estudo, mellorar os procesos cognitivos básicos relacionados con a aprendizaxe, ensinarlles habilidades de interacción social, cohesión social e proporcionarlles ferramentas e habilidades para a xestión na toma de decisións persoais, grupais, académicas e vocacionais.

**Característica do contexto**

Que inciden directamente na situación actual, a nivel familiar sobre todo, destes alumnos e alumnas tales como: baixas expectativas da familia e do profesorado sobre os resultados académicos destes alumnos e alumnas, visión “negativa” deste alumnado no centro, nalgúns casos estes alumnos e alumnas acumulan unha traxectoria previa de conflitos, tamén é necesario contemplar aspectos do contexto xeográfico e sociocultural da contorna e do propio centro, como recursos, equipamientos, características socioculturais das familias, situación xeográfica, servizos sociais, …

## 3. OBXECTIVOS.

Tomando como referencia as características e necesidades educativas destes estudantes, os obxectivos do programa de titoría o debe encamiñarse a:

- Mellorar aspectos relacionados co desenvolvemento persoal como habilidades sociais relacionadas a necesidade de auto-afirmar, adquirir habilidades comunicativa na interrelación cos demais no traballo en equipo e cohesión grupal.
- Facilitar a auto-coñecemento e mellorar a autoestima dos alumnos, dotándolles de estratexias. Que coñezan as súas propias posibilidades e limitacións, nós valores e intereses que che permiten propoñer obxectivos necesarios para desenvolver un proxecto de vida axeitada ás características persoais e familiares.
- Desenvolver a motivación e interese dos estudantes para as actividades académicas de xeito que lles permita mellorar o seu rendemento académico.
- Reforzar os aspectos complementarios ao proceso de ensinar e aprender, como procesos cognitivos e técnicas de traballo para promover o éxito.

- Desenvolver a competencia lingüística a través do promoción e mellora do uso de linguaxe oral e hábitos de lectura e comprensión aspectos fundamentais para o desenvolvemento integral do alumno e dos alumnos.
- Promover a responsabilidade e o compromiso do alumno/a seu proceso-aprendizaxe e toma de decisións académicas e vocacionais, ensinándolles a coñecer, asumir e aprender dos erros.
- Axudar ao alumno e aos estudantes a adquirir un maior coñecemento de si mesmos e tamén da estrutura do sistema educativo e do medio.
- Facilitar a orientación profesional coa autonomía, desenvolvemento da iniciativa responsable, apoiando os procesos de maduración, que permiten a optimización nos procesos de toma de decisións e preparación un proxecto persoal de alumnos académicos e profesionais.
- Desenvolver nos alumnos a adquisición, asimilar coñecemento e experimentación dalgunhas habilidades, destrezas e actitudes para a cohesión e relación social.
- Aconsellar ás familias para unha correcta intervención na educación dos seus fillos, especialmente no que respecta ás orientacións persoal, académico e profesional dos alumnos.
- Fomentar a participación das institucións sociais: saúde, cultura e ambiente para mellorar a educación dos nosos alumnos, etc...

## 4. CONTIDOS.

Facilitar a planificación das accións para realizar en varios bloques de contido:

a. Desenvolvemento persoal e social.
b. Apoio a procesos de ensino e aprendizaxe.
c. Desenvolvemento de habilidades sociais.

Desenvolvemento persoal e social

Dentro do bloque de desenvolvemento persoal e social priorizarase tendo en conta as características e intereses destes estudantes, os seguintes contidos:

• Autoconcepto e autoestima: o coñecemento de igual a igual, das diferentes aptitudes, valores,actitudes ... destacando os aspectos positivos e mellorando o auto-reforzo e a confianza en si mesmo, os puntos fortes de cada alumno.
• Integración social e desenvolvemento de habilidades sociais.
• Cohesión grupal.
•Estratexias de autocontrol: autorregulación do seu propio comportamento de forma autónomo e responsable.

Apoio a procesos de ensino e aprendizaxe

Nel serán incluídos no bloque apoio aos procesos de ensino e aprendizaxe todos aqueles programas e accións ás que se dirixe a mellora da aprendizaxe e resultados académicos, contribuíndo a cada un deles o alumno desenvolverá ao máximo o seu potencial. Para iso, serán deseñados e aplicadas accións dirixidas ao desenvolvemento:

•Da competencia en comunicación lingüística, con énfase especial na adquisición do hábito de lecturara e o desenvolvemento dos procesos de comprensión lectora.
•Programas específicos para a mellora do resto de competencias clave.
•Mellora da motivación e reforzo do interese.
•Apoio a hábitos de aprendizaxe e técnicas de traballo Intelectual. Desenvolvemento de habilidades para a xestión persoal

•Exploración dos seus intereses, coñecemento do sistema educativo e achegamento ao mundo de profesións e a FP de grao Medio.

CONCRETARASE TODO EN:

•Análise das expectativas escolares e profesionais.

•Toma de decisións

•Establecemento de Compromisos.

•Emprego e iniciativa persoal.

•Técnicas de busca de emprego.

## 5. ASPECTOS METODOLÓXICOS.

Nestas ensinanzas, as seguintes metodoloxías son de gran importancia:

- Atención máis individualizada. Se a personalización da docencia é importante en calquera corpo de estudante, con este tipo de situacións persoais. Os estudantes gañan aínda máis relevancia. Para iso é necesario o avance do éxito escolar personaliza o ensino respectando o teu ritmo de aprendizaxe e as súas necesidades específicas adestramento Ademais, seguimento personalizado permítelle ter en conta os elementos que rodean ao estudante ou alumno e que poden estar influíndo decisivamente no teu propio desenvolvemento como persoa. Deste xeito, sserá necesario nestas ensinanzas que complementan a atención do grupo coa indIndividual co que o titor/a realizará a cada un dos estudantes, dando moita importancia tanto ao traballo colectivo como o individual.
- Responsabilidade. É importante que estes alumnos aprenda a asumir as súas accións. E é necesario que os axudemos a establecer consenso e n límites e normas. A nivel de grupo será necesario para promover o traballo do equipo e da responsabilidades. Un nivel de establecemento individual do compromiso é importante, así como a revisión semanal deses compromisos, isto permitirá autonomía ea afirmación do alumno, a promoción da responsabilidade e reforzo de a consecución dos establecidos así como a motivación intrínseca.
- Reforzo positivo. A baixa motivación e autoestima do grupo e algo usual. Polo que o uso de refuerzos positivos tanto individuais como grupais. Este ten como obxectivo romper o círculo vicioso da súa historia de fracasos e discriminación da obtención de beneficios derivado do cambio de comportamento que á súa vez provocan unha confianza positiva no cambio nos estudantes.Vista integral da persoa. Ten que ter en conta e abordar todas as dimensiónse facetas dos alumnos: biolóxicos,psicolóxico, social, cultural, ético-moral e espiritua lpara lograr un desenvolvemento equilibrado da súa personalidade.
- Desenvolvemento de traballo cooperativo. O traballo cooperativo mellora non só as relacións intergrupo e de cohesión grupal, pero tamén é altamente efectivo para o rendemento académico de todos os alumnos A través do traballo cooperativa ademais de promover a aprendizaxe entre eles mesmos tamén permite o desenvolvemento e implementación de habilidades e interpersoal do traballo en equipo, aspectos necesarios no proceso educativo e madurativo deste tipo de alumnos.
- Comunicación. A fluída comunicación entre os distintos axentes implicados no proceso de grupo de ensino-aprendizaxe: titor, orietnación, familia, equipo docente, estudantes. Será necesario establecer canles e mecanismos de comunicación entre

todos os membros da comunidade, a educación como un elemento esencial para a promoción e a información recíproca e participación.

- Participación. Promoción da participación activa dos alumnos: colaboran, pensan, etc ... Trátase de involucrar os alumnos, para introducir neles a educación propia e o seu proxecto persoal, facelos protagonistas activos da súa actividade, ou á súa vez permite desenvolver un sentimento de pertenza ao centro e á súa comunidade, como aspectos necesarios para a confianza no cambio da traxectoria educativa destes alumnos e estudantes.

- Partindo dos intereses dos estudantes. Serán tidos en conta ao abordar as diferenzas. Nestas actividades os intereses do grupo: a partir de temas e temas próximos aos que eles ven como algo útil para a súa vida diaria. Como principio fundamental para a aprendizaxe ser significativo e funcional será necesario para conectarse co que o estudante está máis familiarizado e á súa vez con aquelesaspectos que espertan o teu interese e curiosidade, este último como elemento básico para aumentar a súa motivación para actividades académicas

## 6. COORDINACIÓN

A figura do titor e do Departamento de Orientación, conxuntamente con Xefatura de Estudos, como órganos de coordinación docente co profesores do grupo contemplada na lexislación vixente, ten como principal misión neste ámbito de competencia para asegurar que todos os profesores tomen en conta as necesidades específicas dos alumnos que compoñen o grupo. Para iso, baseado no coñecemento das condicións, aspectos sociais, educativos e persoais dos estudantes e da evolución académica nos diferentes ámbitos, o titor pode propoñer aos profesores do grupo a adopción coordinada de medidas educativas para atender as necesidades que xorden para que os alumnos perciban coherencia no desempeño do traballo dos profesores e na práctica docente dela.

## 7. ATENCIÓN INDIVIDUAL A ESTUDANTES

a. Para facilitar o seguimento personalizado da evolución académica e persoal dos alumnos, os titores poderán realizar entrevistas individuais, especialmente nos casos de alumnos que precisan unha orientación especial.

b. Os alumnos que corren risco de non alcanzar os obxectivos do curso tendo en conta o seu rendemento académico, que poidan atopar problemas de adaptación escolar ao comezo ou que teñen dificultades especiais para tomar unha decisión sobre o seu futuro académico e profesional Serán obxecto de atención preferente.

c. Para a atención e os consellos individuais para os alumnos, os titores poderán contar coa colaboración do Departamento de Orientación.

d. No asesoramento individual, preferirase un enfoque non directivo, facilitando que o alumno tome as súas propias decisións e adopte os seus compromisos.

## 8. COMUNICACIÓN CON FAMILIAS

1. No mes de setembro, o titor realizará unha reunión informativa a nivel individual cos pais dos alumnos do seu grupo.

2. O titor/a terá unha hora por semana para asistir individualmente ás familias para escoitar as súas demandas, intercambiar información sobre aspectos relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe e promover a colaboración dos pais. Para o vindeiro curso 2021 – 22 sería interesante unha hora de reunión semanal co Departamento de Orientación.

3. O titor facilitará, se é o caso, as entrevistas que os pais desexen manter cos profesores do grupo, poñendo en contacto aos interesados.

4. O titor informará aos pais o inicio de cada mes sobre a falta de asistencia e, en calquera momento, sobre as situacións de non asistencia e abandono que poden ocorrer ao longo do curso e buscarán a súa colaboración na adopción de medidas correctoras.

5. Tamén manterán unha comunicación fluida cos pais dos alumnos con poucas posibilidades de superar o curso para informarlles sobre as opcións académicas dispoñibles.

6. A cooperación dos pais co centro na tarefa educativa será un obxectivo

para promover por todos os profesores, a través do intercambio de información e a busca de compromisos mutuos.

7. O titor/a informará da evolución do alumnado en situacións de risco a Inspección e aos EOE de Pontevedra, se fóra o caso. Mantendo unha coordinación fluída con estes órganos.

## 9. LIÑAS DE ACCIÓN PRIORITARIAS

1. Orientar o alumno nas súas posibilidades académicas e profesionais.
2. Detección e tratamento máis personalizado das dificultades do estudo.
3. Técnicas de traballo intelectual: realizar exames, monografías, tomar notas ...
4. Educación en valores a través do cine.
5. Programas de Intelixencia Emocional e Habilidades Sociais.
6. Cuestións transversais: consumo de drogas e alcohol, prevención de embarazos....
7. Programa específico de orientación académica e profesional.

## 10. AVALIACIÓN

Calquera planificación que teña lugar no contexto educativo, incluído o da acción titorial, debe incluír os procedementos para a avaliación, tanto dos aprendizaxes alcanzado polos alumnos, así como a propia práctica docente.

Así, na avaliación da acción titorial pódese considerar o seguinte orientacións:

· Grao de realización dos obxectivos e aspectos propostos que influíron no metodoloxía, na preparación da programación e nos materiais e recursos materiais utilizados.
· Grado de cumprimento do calendario esperado.
· Nivel de satisfacción do alumno.
· Grao de eficacia da dinámica e organización das actividades de titoría.
· Grao de implicación de familias e profesores.
· Nivel e clima de relación grupal.
· Grado de mellora na madurez profesional dos alumnos.

### 5.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Especificar para cada unha das seguintes medidas o perfil de alumnado e os criterios de selección do mesmo

### A. ADAPTACIÓNS CURRICULARES

Implica modificacións nos elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación...). Aplícase a alumnado con N.E.E con importantes dificultades na aprendizaxe e cun desfase curricular de máis de dous cursos.Precisa dunha valoración psicopedagóxica do alumno/a.

Profesionais implicados:

- Profesor/a da materia, co asesoramento do orientador e a profesora de P.T. son os responsables da elaboración.
- Reunións iniciais para a elaboración do ACI, achegando as orientacións xerais sobre a resposta educativa (programacións).
- Participación nas sesións de seguimento, colaborando nas propostas de modificación convenientes ao longo o curso.
- Participación na sesión de avaliación de final de curso para establecer orientacións para realizar a adaptación ao curso/ciclo seguinte.

- Orientación familiar conrespecto ás liñas que se concreten no proceso de elaboración da ACI.

Avaliación das adaptacións curriculares. Realizarase nos períodos establecidos para todos os alumnos, establecéndose sesións de avaliación trimestrais coa participación de todos os profesores que interveñen co alumno.

No Boletín de información a familias exprésanse os resultados nos mesmos termos que para todos os alumnos, reflectíndose a palabra ACI nas áreas implicadas.

## B. AGRUPAMENTOS

Os agrupamentos flexibles, ou grupos flexibles, consisten en agrupamentos temporais de alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias, nas que necesita unha atención máis individualizada, e ao que a oferta de medidas ordinarias de atención á diversidade non lle abonda para seguir con éxito os procesos de ensino e de aprendizaxe. Estes agrupamentos só poderán realizarse nos dous derradeiros cursos da educación primaria e na educación secundaria obrigatoria.

O alumnado derivado a un grupo flexible pertencerá, para todos os efectos, a un mesmo nivel educativo, e manterase a necesaria coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o do agrupamento flexible. Este medida ten un carácter reversible, xa que a súa finalidade é a pronta incorporación do alumnado ao seu grupo ordinario. Os agrupamentos flexibles poderán realizarse, prioritariamente, nas áreas ou nas materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas, e o alumnado permanecerá nestes agrupamentos a totalidade do horario semanal da área ou da materia. Unha mesma alumna ou un mesmo alumno poderán derivarse a máis dun grupo flexible, sempre que non se superen, con carácter xeral, os 13 períodos lectivos da totalidade do horario semanal do grupo ordinario.

O número máximo de alumnado de cada agrupamento flexible será de oito en educación primaria e de dez en educación secundaria obrigatoria.

## C. APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E/OU EN AUDICIÓN E LINGUAXE

Dirixido ao alumnado con dificultades de aprendizaxe que precisen dunha atención especializada por parte da profesora de PT. Os reforzos educativos individualizados realizaranse dentro da aula cando se cumpran os seguintes criterios:

- Necesidades educativas do alumno moi diferenciadas ás que presentan os seus compañeiros do grupo.
- Realización de actividades que polos recursos e metodoloxía que se van a empregar precisan da atención de dous docentes (unha delas a PT/AL).

A profesora de PT/AL coordinarase co profesorado de cada materia e elaborará un programa de intervención coa colaboración do dpto. de orientación.

Profesora especialista en Pedagoxía Terapéutica. Funcións:

- Elaboración co titor/a orientadora e resto de profesores as adaptacións curriculares individualizadas.
- Intervención cos alumnos estranxeiros escolarizados e con aqueles que no seu informe de avaliación psicopedagóxica, ou no posterior seguimento, o departamento de orientación ou o EOE especifique a necesidade de atención por parte desta profesora.
- Participación na avaliación e promoción dos alumnos que atende.

- Colaboración co titor/a na orientación /coordinación coa familia.
- Elaboración de materiais específicos e recursos para o alumnado que reciba apoio ou con adaptación curricular.
- Participación nos Claustros, Equipos docentes, Comisión de Coordinación Pedagóxica e Claustro propondo medias que faciliten a resposta aos alumnos con necesidades.
- Coordinación e seguimento co titor / a e resto de profesorado das medidas propostas.

<table>
<tr><th colspan="8">Datos do alumno/a</th></tr>
<tr><td>Apelidos:</td><td colspan="2"></td><td>Nome:</td><td></td><td>Data nacemento:</td><td colspan="2"></td></tr>
<tr><td>Curso/grupo:</td><td></td><td>Titor/a:</td><td colspan="5"></td></tr>
<tr><td>Nº sesións semanais AL</td><td></td><td>Duración sesión</td><td>25</td><td>Profesor/a AL:</td><td colspan="3"></td></tr>
<tr><td>Nº sesións semanais PT</td><td></td><td>Duración sesión</td><td>50</td><td>Profesor/a PT:</td><td colspan="3"></td></tr>
<tr><td colspan="8">Datos de escolarización anteriores significativos</td></tr>
</table>

| Datos relevantes |
|---|
| Recoller os datos relevantes da información recollida no correspondente |

| Profesionais que participan no Programa de Intervención | | |
|---|---|---|
| **NOME E APELIDOS** | **FUNCIÓN** | **SINATURA** |
| | PT | |
| | PT / AL | |
| | XEFE DPTO. ORIENTACÓN | |
| | REFORZO EDUCATIVO | |

# PROGRAMA DE INTERVENCIÓN

## 1. COMPETENCIAS ADQUIRIDAS E NECESIDADES EDUCATIVAS

| INTERVENCIÓN EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA |
|---|
| 1. COMPETENCIA SOCIAL |
| |
| 2. AREAS CURRICULARES (Currículo de referencia) |
| |
| 3. MOTRICIDADE |
| |
| 4. OUTROS |
| |

| INTERVENCIÓN EN AUDICIÓN E LINGUAXE |
| --- |
| 1. BASES ANATÓMICAS E FUNCIONAIS |
| |
| 2. ÁMBITO FONÉTICO-FONOLÓXICO |
| • |
| 3. ÁMBITO LÉXICO-SEMÁNTICO |
| • |
| 4. ÁMBITO MORFO-SINTÁCTICO |
| • |
| 5. ÁMBITO PRAGMÁTICO |
| |
| 6. COMPRENSIÓN ORAL |
| |
| 7. RELAXACIÓN |
| |
| 8. OUTROS ASPECTOS |
| |

**Metodoloxía:**
**Recursos e materiais:**

## 2. ENFOQUE METODOLÓXICO

## 3. TEMPORALIZACIÓN

Especificar os horarios da intervención do PT/AL segundo o establecido no **informe psicopedagóxico**.
AL: sesións (1/2 h) na aula de AL.
PT: sesións na aula de PT
RE: 2 sesións na aula ordinaria

## 4. COORDINACIÓN PROFESORADO

Reunións mensuais.

## 5. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA

Establecer o procedemento e datas do seguimento e avaliación do programa de intervención así como os indicadores de avaliación.

-

## 6. ORIENTACIÓNS Á FAMILIA

-

## D. FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN

**FLEXIBILIZACIÓN MODULAR NOS CICLOS DE FP (fragmentación)**

O alumnado con necesidades educativas especiais que curse un ciclo de FP, incorporarase, con carácter xeral, co resto do alumnado matriculado no programa.

Cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, este alumnado poderá ser autorizado para cursar o programa de cualificación profesional inicial de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral ou, excepcionalmente, de xeito fragmentado no tempo cunha ampliación a dous anos e mantendo a carga semanal prevista para o conxunto de módulos para cada curso académico.

Procedemento de solicitude de flexibilización/fragmentación modular:

a) Unha vez comezado o curso académico e realizada a sesión de avaliación inicial, a dirección presentará a solicitude no servizo territorial de inspección educativa para que se emita informe ao respecto. Á documentación a presentar:

–Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo Departamento de Orientación do centro en colaboración co titor/a.

–Conformidade expresa do pai e da nai, representante legal en caso de ser menor de idade, ou a súa propia, se é maior de idade.

–Fotocopia compulsada do expediente académico.

–Proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas, no caso da fragmentación modular, ou proposta de desenvolvemento curricular de cada módulo do curso en dous anos, no caso da fragmentación temporal e, de ser o caso, de medidas de reforzo educativo ou de adaptación do currículo dentro dos límites previstos na normativa vixente.

O prazo para presentar as solicitudes de flexibilización: ata o 31 de outubro de cada curso académico.

**ALUMNADO CON SOBREDOTACIÓN INTELECTUAL: FLEXIBILIZACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN**

Esta medida excepcional baséase fundamentalmente na competencia curricular e poderase adoptar cando se considere que os obxectivos acadados pola alumna ou alumno superan os establecidos, pero tendo en conta tamén se é unha medida axeitada con respecto ás restantes facetas do seu desenvolvemento persoal.

É unha medida que aparece recollida na lexislación galega con dúas posibilidades:

-Por un lado, anticipar o inicio das etapas educativas.

-Por outro, reducir a duración da escolaridade obrigatoria.

Esta resposta educativa só é aconsellable se, tras a aplicación doutras medidas de atención menos excepcionais, o alumno ou alumna conta coa axeitada madurez emocional e social, xa que do contrario pode aumentar a disonancia entre estes dous aspectos.

As medidas de aceleración deben ir acompañadas doutras de atención á diversidade para que non se traduzan nun mero adianto de curso. Precisa obrigatoriamente dunha avaliación psicopedagóxica realizada polos correspondentes especialistas para que se materialice a flexibilización, xunto co correspondente ditame de escolarización.

**FLEXIBILIZACIÓN EN ALUMNADO CON DIFICULTADES DE APRENDIZAXE NA ESO**:

Será imprescindible a constatación da aplicación previa doutras medidas de adaptación curricular ou organizativas previstas para a atención das necesidades específicas do alumno.

Na ESO: poderase permanecer excepcionalmente un ano máis respecto do disposto con carácter xeral. Esta medida non será de aplicación nun curso no que xa se permanecese un ano máis.

Así mesmo, cando necesidades de apoio específico así o xustifiquen, poderase autorizar excepcionalmente a fragmentación dos cursos terceiro e cuarto de educación secundaria obrigatoria. Neste caso o alumno deberá permanecer escolarizado todo o horario e, en consecuencia, durante os períodos correspondentes ás áreas que non estea a cursar deberá prestárselle atención adaptada ás súas necesidades específicas.

En todo caso, a permanencia no ensino básico non poderá estenderse máis alá do ano natural no que se cumpran os vinte de idade.

A escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sen menoscabo do disposto no art. 28.5 da LOE, segundo o cal, o alumno/a poderá repetir o mesmo curso unha soa vez e duas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición se produciza en 3º ou 4º, prolongarase un ano o límite

de idade ao que se refire o apartado 2 do art. 4 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio. Excepcionalmente, un alumno/a poderá repetir unha segunda vez en 4º curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.

Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato e art. 17 do D. 86/2015 A escolarización do alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo (art. 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio), realizarase atendendoás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico.

Cando presente graves carencias na lingua galega e/ou na lingua castelá recibirá unha atención específica, que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización nos grupos ordinarios, cos que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.

Os alumnos e as alumnas que presenten un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderán ser escolarizados/as no curso inferior ao que lles correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación do seu desfasamento, e que lle permitan continuar con aproveitamento os estudos. No caso de superar o devandito desfasamento, incorporarase ao curso correspondente á súa idade.

## E. MODALIDADE DE ESCOLARIZACIÓN COMBINADA

A escolarización combinda dun alumno/a nun centro/aula de Educación Especial e un centro ordinario, neste caso;

Cando se escolariza un alumno nesta modalidade:

- O alumno escolarizado no noso IES que requira de recursos non dispoñibles neste, poderá escolarizarse a tempo parcial en unha aula ou en un centro de E.E.
- O alumno escolarizado nun centro específico poderá combinar a súa escolarización con un centro ordinario ao obxecto de promover a normalización escolar.

En canto ao procedemento e revisión desta modalidade de escolarización:

Os mesmos requisitos que para escolarizarse nun centro de educación especial/aula de educación especial (E.E.).

En que casos escolarízase un alumno/a en E.E:

- Exclusivamente, alumnado con nee que require modificacións significativas do currículo en parte ou en todas as materias e que precisa de a utilización de recursos moi específicos ou excepcionais, necesidades que non poden ser atendidas e recursos que non poden facilitarse dentro de asMAD de os centros educativos ordinarios.

Cal é o procedemento para a escolarización en centros - aulas de E.E.:

- A competencia para a escolarización corresponde a a xefatura territorial.

*Art. 20. D 229/2011, do 7 de decembro.*

- Precísase:

| |
|---|
| • Dictame de escolarización por parte do Orientador/a |
| • Informe do servizo de inspección educativa |
| • Manifestación por escrito a vontade de os pais ou titores legais |
| • En o caso de alumnado non escolarizado: solicitude de escolarización dos pais ante o xefe territorial que ditará resolución. |
| • O EOE Pontevedra, realizará o informe. |

Como se fai efectivo o carácter reversible de a escolarización en E.E:

- O orientador/a revisará estas escolarizacións como mínimo ao final de cada curso académico. Se se conclúe a pertinencia do cambio de modalidade, repítese o proceso, precisando a autorización do xefe territorial.

Como se organizan os estudos en centros/aulas E.E.:

- Contemplarán unha educación básica obrigatoria e unha formación profesional adaptada e de transición a a vida adulta. A educación básica ten unha duración mínima de 10 anos. A formación profesional adaptada desenvólvese a través de a FPBásica.

- Poderá permanecer ata 21 anos cumpridos en o ano natural que finaliza o curso.

- A proposta de revisión poderá iniciarse por calquera dos dous centros.

Outros aspectos organizativos destacables:

- O alumnado pertencerá, a efectos académicos e administrativos, ao centro educativo que se determine en a resolución correspondente.
- O profesorado de ambos os centros coordinárase no proceso de planificación, atención e avaliación deste alumnado.

## F. PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (PMAR)

Este curso académico só temos 2º PMAR. Con todo iso os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento forman parte das medidas extraordinarias de atención á diversidade e teñen por finalidade facilitar que os alumnos e as alumnas, mediante unha metodoloxía específica e unha organización de contidos e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral, alcance as competencias do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. No presente curso académico os centros docentes poderán organizar os programas no terceiro curso de educación secundaria obrigatoria segundo o disposto no artigo 20 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

Poderá incorporarse aos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento, en terceiro curso de educación secundaria obrigatoria no curso actual, o alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e que se atope nalgunha das seguintes situacións:

a) Ter cursado segundo curso de educación secundaria obrigatoria, ter repetido algunha vez en calquera das etapas e non estar en condicións de ter promoción a terceiro curso de educación secundaria obrigatoria.

b) Con carácter excepcional, para o alumnado que ten cursado terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e non está en condicións de ter promoción ao cuarto curso.

Neste caso poderán incorporarse a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento para repetir curso.

O procedemento para a incorporación dun alumno ou dunha alumna ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento é o que segue:

a) Realizada a avaliación extraordinaria, o equipo docente realizará unha proposta razoada do alumnado que podería incorporarse ao programa para a mellora da aprendizaxe e do rendemento. Esa proposta concretarase nun informe individualizado, elaborado pola persoa titora, en que constará a competencia curricular do alumno ou da alumna en cada materia, as dificultades de aprendizaxe presentadas, as medidas de atención á diversidade aplicadas e os motivos polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno ou a alumna se integre nun programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento. Ese informe trasladarase á xefatura do Departamento de Orientación.

b) A persoa que exerza a xefatura do Departamento de Orientación realizará unha avaliación psicopedagóxica a cada un dos alumnos e das alumnas propostos/as polo equipo docente para incorporar ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento. No informe correspondente a esa avaliación deben constar, entre outros aspectos, as conclusións das reunións co profesorado titor e, se se trata de alumnado menor de idade, cos pais, as nais ou titores/as legais de cada alumno e alumna, para lles formular a conveniencia da súa incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento. Deixarase constancia escrita da opinión dos pais, as nais ou titores/as legais respecto da proposta formulada.

c) Posteriormente, unha comisión formada polo/a xefe/a de estudos, que exerce a súa presidencia, a persoa que exerza a xefatura do Departamento de Orientación e o/a titor/a do alumno ou da alumna valorará os informes emitidos e a opinión, de ser o caso, do pai, a nai ou os/as titores/as legais, realizando unha proposta ao/á director/a sobre a incorporación ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.

d) Compete ao director ou á directora do centro docente elevar a proposta de autorización sobre a incorporación do alumnado ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento ao servizo provincial de Inspección Educativa. Á solicitude achegaráselle a relación de alumnado proposto e a relación de profesorado que vai impartir cada un dos ámbitos do programa.

e) O servizo provincial da Inspección Educativa emitirá a autorización expresa para o desenvolvemento dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento que cumpran os requisitos establecidos, e que será comunicada aos centros escolares antes do comezo do curso.

Para a impartición dos ámbitos destes programas conformaranse grupos que non superarán o número de dez alumnos/as e non serán, con carácter xeral, menos de cinco.

4. O currículo dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento incluirá os seguintes ámbitos:

a) Ámbito lingüístico e social, que abrangue os aspectos básicos do currículo correspondente ás materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Xeografía e Historia.

b) Ámbito científico e matemático, que abrangue os aspectos básicos do currículo correspondente ás materias de Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía, e Física e Química.

c) Ámbito de linguas estranxeiras, que abrangue os aspectos básicos do currículo correspondente á materia de Primeira Lingua Estranxeira.

Os alumnos e as alumnas que sigan un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento terán un grupo ordinario de referencia co que cursarán as materias non pertencentes aos ámbitos.

As materias de terceiro curso de educación secundaria obrigatoria cursaraas o alumnado co seu grupo de referencia.

O horario semanal dos tres ámbitos de coñecemento que compoñen o programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento será o seguinte:

a) Ámbito lingüístico e social: nove horas.

b) Ámbito científico e matemático: oito horas.

c) Ámbito de linguas estranxeiras: tres horas.

5. Cada grupo de alumnado que integre un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento contará cun profesor/a titor/a, que terá entre as súas funcións a orientación do alumnado do programa e a súa atención personalizada, a coordinación do equipo docente que imparte o programa, a relación coas familias e a coordinación co profesorado titor do grupo de referencia de cada alumna e alumno integrante do programa.

6. Cada ámbito específico será impartido por un único profesor ou profesora, pertencente a un dos departamentos didácticos a quen corresponda a atribución docente das materias que forman parte do ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro.

7. O programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento concíbese desde un enfoque metodolóxico funcional, en que os contidos curriculares deben tratarse desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado, priorizando as aprendizaxes que resulten necesarias para outras posteriores e que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos xerais da etapa.

A concreción do currículo dos ámbitos, así como as correspondentes programacións didácticas, serán elaboradas nos distintos departamentos didácticos implicados e polas persoas designadas para impartir os ámbitos, coa colaboración da persoa que exerza a xefatura do Departamento de Orientación, a partir das directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica e coordinadas polo/a xefe/a de estudos.

8. A avaliación do alumnado nos ámbitos que conforman o programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento terá como referente fundamental as competencias e os obxectivos da educación secundaria obrigatoria, así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables. Esta avaliación será continua e diferenciada, segundo os ámbitos do programa e as materias.

O alumnado do programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento será avaliado polo profesorado que imparte cada un dos ámbitos e materias, baixo a coordinación do profesorado titor do programa e do profesorado titor do grupo de referencia. As cualificacións dos ámbitos realizarase nos mesmos termos que as materias.

O alumnado que acceda a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento con materias pendentes de cursos anteriores realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao longo do desenvolvemento do programa, e a avaliación será competencia do profesorado que o imparta, coa colaboración dos departamentos implicados.
A atención á diversidade que se fai tanto no IES como nos Centros adscritos a dito Departamento de Orientación parten dun principio fundamental presente no Proxecto Curricular e de acordo cos criterios de actuación da Orientación e Titoría no marco actual da LOE e LOMCE.

**CRITERIOS PARA A FORMACIÓN DE GRUPOS DE PMAR**

**Base normativa:**

-Artigo 20 (PMAR) do Decreto 86/2015 (25 de xuño) polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

-Artigo 11 das Instrucións implantación currículo ESO-BACH 16-17 (1 agosto 2016)

**1. Que son?**

1. Os PMAR constitúen unha **medida de atención á diversidad**e que se pode desenvolver a partir de 2º de ESO.

2. Utilizarase unha **metodoloxía específica** a través da organización de contidos, actividades prácticas e, de ser o caso, de materias diferentes ás establecidas con carácter xeral, **coa finalidade de que os alumnos e as alumnas poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria** e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

3. Os PMAR van dirixidos preferentemente a alumnos e alumnas que presenten **dificultades relevantes de aprendizaxe non imputables á falta de estudo ou esforzo**.

4. A incorporación a estes programas requirirá a avaliación tanto educativa como psicopedagóxica, a través de informe do equipo docente e do ditame emitido polo Departamento de Orientación, e realizarase despois de oídos/as os/as propios/as alumnos/as, e os seus pais ou as súas nais ou titores/as legais.

5. Para a impartición dos ámbitos destes programas conformaranse grupos que non superarán o número de **dez** alumnos/as e non serán, con carácter xeral, menos de **cinco**.

**Quen se pode incorporar aos PMAR?**
**Criterios normativos xerais**

As alumnas e os alumnos que presenten **dificultades relevantes de aprendizaxe**, foran obxecto de **medidas de atención á diversidade** que resultasen insuficientes e teñan expectativas razoables de **poder cursar 4º pola vía ordinaria**, poderanse incorporar a un PMAR se están nalgunha das seguintes situacións:

✓ Alumnado que teña cursado por primeira vez o primeiro curso da ESO, tendo repetido en Primaria, ou que cursou por segunda vez o primeiro curso da ESO e non está en condicións de promocionar ao segundo curso da ESO; poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo dos cursos segundo e terceiro.

✓ Alumnado que teña cursado por primeira vez o segundo curso da ESO e non está en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO, tendo repetido en Primaria e/ou en primeiro curso da ESO; poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo do terceiro curso.

✓ Alumnado que teña cursado por segunda vez o segundo curso da ESO, e non está en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO, poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo do terceiro curso.

✓ Con carácter excepcional, alumnado que teña cursado por primeira vez o terceiro curso da ESO e non está en condicións de promocionar ao cuarto curso da ESO, sen ter repetido ou tendo repetido unha vez na etapa, poderá incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se desenvolverá ao longo do terceiro curso.

**Criterios específicos (a valorar no noso IES)**

Partimos do principio de que os PMAR non poden ser grupos nos que recluír ao alumnado problemático, senón que están destinados ao que presenta dificultades xeneralizadas de aprendizaxe.

Tendo en conta isto, debemos establecer o **perfil do alumnado** deste grupo e concretar os **criterios** que se aplicarán a maiores dos fixados na lexislación:

**a) Perfil académico**

Refírese á situación académica do alumno/a por repeticións anteriores debidas ao fracaso en determinadas áreas (carencias en primaria) e/ou materias (carencias en 1º-2º ESO) ou xeneralizado.

1. Debe constar no seu **expediente académico** que se lle aplicou anteriormente algunha destas medidas: reforzo (dentro ou fóra da aula), repetición de curso e/ou exención de 2ª lingua estranxeira.
2. Un elevado número de materias suspensas non debe implicar a súa inclusión automática no programa, senón que se deberá efectuar unha **valoración cualitativa**.
3. De xeito excepcional e unicamente por acordo do equipo docente, se poderá incluír nestes grupos alumnado con ACS, posto que xa se lle está aplicando unha medida de atención á diversidade de máis nivel.
4. Terase tamén en conta o caso de alumnado que presente problemas de integración no grupo que repercutan no seu rendemento académico.

**b) Perfil persoal**

Refírese a aspectos como a motivación ou o interese na aprendizaxe no momento da incorporación ao programa.

1. Na **competencia social e cívica** deberá acadar unha **puntuación mínima de 2,5 puntos** sobre 4 (sendo 1 = Nunca ou case nunca; 2= Poucas veces; 3= Bastantes veces; e 4= Sempre ou case sempre) como resultado de valorar os seguintes aspectos:

a) Respecta aos demais e fomenta as boas relacións.
b) Respecta o mobiliario e as instalacións do centro.
c) Usa un vocabulario apropiado e non ofensivo.
d) Recoñece a igualdade de dereitos (homes/mulleres, etnias...).
e) Traballa de bo grao cos demais compañeiros e compañeiras.
f) Coñece, respecta e asume as normas de convivencia.

2) Na **competencia de aprender a aprender** deberá acadar unha **puntuación mínima de 2,5 puntos** sobre 4 (sendo 1 = Nunca ou case nunca; 2= Poucas veces; 3= Bastantes veces; e 4= Sempre ou case sempre) como resultado de valorar os seguintes aspectos:

a) Trae ás clases o material didáctico necesario.
b) Atende e mostra un mínimo interese.
c) Intenta facer as tarefas que se lle propoñen e/ou solicita axuda cando a necesita.
d) Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

**2. Procedemento para a incorporación aos PMAR**

a) **2ª avaliación**: na reunión da 2ª avaliación **o titor ou titora**, en colaboración co Departamento de Orientación, exporá o **alumnado que podería reunir o perfil académico**. Se o considera necesario, poderá solicitarlle previamente ao equipo docente un informe académico interno.

b) **Xuño**:

i) Na sesión de avaliación final de xuño **o equipo docente puntuará cada un dos ítems das competencias social e cívica e aprender a aprender** para cada un dos alumnos e alumnas propostos; o titor ou titora calculará a media de cada competencia e, se supera a puntuación mínima de 2,5 puntos en cada unha delas, será proposto para iniciar a súa incorporación a un PMAR. Achégase un **modelo de documento** para facilitar o cálculo das medias das competencias como anexo a este documento. Deixarase constancia das propostas no informe de avaliación final.

ii) **O equipo docente realizará unha proposta razoada do alumnado** que se podería incorporar ao PMAR. Esa proposta concretarase **nun informe individualizado, elaborado pola persoa titora**, en que constará a competencia curricular do alumno ou da alumna en cada materia, as dificultades de aprendizaxe presentadas, as medidas de atención á diversidade aplicadas e os motivos polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno ou a alumna se integre neste programa. Ese informe trasladarase á xefatura do Departamento de Orientación.

iii) A persoa que exerza a xefatura do **departamento de Orientación** realizará unha **avaliación psicopedagóxica** a cada un dos alumnos e das alumnas propostos/as polo equipo docente para incorporar ao PMAR. No informe correspondente a esa avaliación deben constar, entre outros aspectos,

as conclusións das reunións co profesorado titor e, se se trata de alumnado menor de idade, cos pais, as nais ou titores/as legais de cada alumno e alumna, para lles formular a conveniencia da súa incorporación a dito programa. Deixarase constancia escrita da opinión dos pais, as nais ou titores/as legais respecto da proposta formulada.

Posteriormente, unha **comisión** formada polo/a xefe/a de estudos, que exerce a súa presidencia, a persoa que exerza a xefatura do departamento de Orientación e o/a titor/a do alumno ou da alumna valorará os informes emitidos e a opinión, de ser o caso, do pai, a nai ou os/as titores/as legais, realizando unha proposta ao/á director/a sobre a incorporación ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.

**Documento para valorar as competencias do alumnado proposto para PMAR**

(Cada profesor/a deberá cubrir este documento para cada un dos alumnos e alumnas propostos para PMAR e entregarllo ao titor/a na sesión de avaliación final)

**ALUMNO/A:** ……………………………………………………………………………….…………

**Valorar cada ítem de 1 a 4 puntos, segundo a seguinte escala:**
Sempre ou case sempre= 4 puntos

Bastantes veces= 3 puntos

Poucas veces= 2 puntos

Nunca ou case nunca= 1 punto

**Despois cubrir media de cada competencia.**

| **COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA** | |
|---|---|
| Respecta aos demais e fomenta as boas relacións. | |
| Respecta o mobiliario e as instalación do centro. | |
| Usa un vocabulario apropiado e non ofensivo. | |
| Recoñece a igualdade de dereitos (homes/mulleres, etnias…) | |
| Traballa de bo grao cos demais compañeiros/as. | |
| Coñece, respecta e asume as normas de convivencia. | |

| | |
|---|---|
| | |
| Nota media global da CSC = | |

| | |
|---|---|
| **COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER** | |
| Trae ás clases o material didáctico necesario. | |
| Atende e mostra un mínimo interese. | |
| Intenta facer as tarefas que se lle propoñen e/ou solicita axuda cando a necesita. | |
| Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe. | |
| Nota media global da CAA = | |

## G. FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

### FP Básica

Ordénase en ciclos formativos organizados en módulos profesionais de duración variable.Os ciclos formativos de formación profesional básica teñen unha duración de 2000 horas ou 2 cursos académicos. Na modalidade de FP dual ata 3 cursos.

Estas ensinanzas responden a un perfil profesional que inclúe ao menos unha cualificación profesional completa de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Superando un ciclo de FP básica obtense o título profesional básico correspondente ás ensinanzas cursadas.

O título profesional básico ten tanto valor académico como profesional.Éste título permite o acceso aos ciclos formativos de grao medio (o perfil de cada título indica os ciclos de grao medio con preferencia de acceso).A persoa que posúa un título profesional básico poderá obter o título de graduado na ESO, pola opción de ensinanzas académicas ou pola opción de ensinanzas aplicadas, mediante a superación da proba de avaliación final da educación secundaria obrigatoria.

Os alumnos e alumnas que finalicen os seus estudos sen obter o título profesional básico, recibirán a certificación académica dos módulos profesionais superados que terá efectos académicos e de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

O título profesional básico ten os mesmos efectos laborais que o título da ESO e capacita para levar a cabo funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais.

**Cales son as vías de obtención do título profesional básico**

- Superar un ciclo de formación profesional básica
- Superar a proba para a obtención directa do título profesional básico (maiores de 18 anos)
- Acreditar todas as unidades de competencia do título profesional básico (maiores de 22 anos), a través de:

  - Certificados de profesionalidade de nivel 1

  - Procedemento de avaliación e acreditación de competencias profesionais

**Cales son os requisitos para acceder á FP Básica**

Requisitos que debe cumprir o alumnado de forma simultánea:

- Ser proposto/a polo equipo docente
- Consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais
- Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo
- Ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso

A proposta do equipo docente, tamén poderá solicitar a admisión na FP Básica o alumnado de 17 anos feitos no ano de inicio do ciclo formativo, escolarizado na educación secundaria obrigatoria.

De quedar prazas vacantes, completaranse os grupos con persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que fagan 18, 19 ou 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo
- Que non estean en posesión dun título de formación profesional ou calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos

**Que hai que facer para matricularse**

Presentar unha única solicitude de admisión e matrícula, asinada pola persoa solicitante (se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinada por calquera dos/das titulares da patria potestade ou representantes legais) segundo o anexo I.

A solicitude presentarase no centro educativo no que pretenda ser admitido, e no caso de que a docencia do ciclo se organice en dous centros, a solicitude deberá presentarse no centro onde se impartan os módulos asociados a unidades de competencia.

Documentación a presentar:

- Copia do DNI ou NIE, no caso de non dar o consentimento para a comprobación dos datos de identidade no sistema de verificación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas
- Comunicación de incorporación á formación profesional básica segundo o anexo IV, no caso de alumnado que foi proposto polo equipo docente con 15, 16, ou 17 anos
- Certificado de discapacidade, no caso de participar no proceso de admisión pola reserva para persoas con discapacidade

## H. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE, POR CIRCUNSTANCIAS DIVERSAS, PRESENTA DIFICULTADES PARA UNHA ASISTENCIA CONTINUADA A UN CENTRO EDUCATIVO

O termo **atención educativa hospitalaria** fai referencia ao conxunto de accións que se desenvolven nas aulas hospitalarias para compensar a desvantaxe educativa que presenta o alumnado que permanece hospitalizado durante períodos prolongados por motivos de

enfermidade ou accidente. Así mesmo contempla a atención educativa ao alumnado que, sen estar hospitalizado, recibe atención médica no hospital de día.

A atención educativa hospitalaria é desenvolvida a través do profesorado das aulas hospitalarias.As alumnas e alumnos enréxime hospitalario manteñen a súa escolarización para efectos de avaliación e promoción nos centros de orixe. É por iso polo que o profesorado destas aulas deberá estar en coordinación estreita coa titoría, co departamento de orientación e, no seu caso, co profesorado do centro de referencia, que é o que deberá orientar o programa educativo.

A atención que recibe o alumnado hospitalizado estará en función duración da hospitalización considerando os seguintes grupos:

| |
|---|
| • Atención ao alumnado de longa hospitalización (máis de 1 mes) |
| • Atención ao alumnado de media hospitalización (entre 15 días e un mes) |
| • Atención ao alumnado de curta hospitalización (menos de 15 días) |
| • Atención ao alumnado que acode ao hospital de día |

O alumnado de longa e media hospitalización será o que reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización realizará actividades educativas e lúdicas de carácter xeral.

Desde a aula hospitalaria, e coa conformidade da familia, remitirase unha comunicación ao centro educativo, empregando un documento anexo, a través da cal se solicitará información referida á situación académica do alumno ou alumna.

*Anexos:*

*http://www.edu.xunta.es/portal/node/17722*

## I. ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA

Será destinatario desta atención o alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio, por prescrición médica, por un período de tempo superior a un mes.

Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padezaalgunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses. En todos os casos contarase co preceptivo informe médico.

Procedemento:

Mediante autorización da Xefatura Territorial correspondente, a instancia da familia e segundo o procedemento seguinte:

1. Solicitude da nai, do pai ou das persoas titoras legais do alumnado á dirección do centro docente (Anexo I), acompañada do correspondente informe dos servizos médicos (Anexo II), no que debe constar, entre outros aspectos, a previsión aproximada do tempo no que a alumna ou o alumno deberá convalecer no domicilio e o tempo da revisión desa previsión, así como, cando sexa posible, a conveniencia ou non de continuar o proceso formativo no domicilio durante a convalecencia.

2. Elaboración dun informe polo profesorado titor (Anexo III), no que consten, cando menos, os resultados das avaliacións parciais da alumna ou do alumno, a aplicación, se é o caso, doutras medidas de atención á diversidade e calquera outra información relevante do seu proceso de ensino e aprendizaxe. No caso de alumnado con necesidade específica de apoio educativo xuntarase informe psicopedagóxico elaborado pola xefatura do Departamento de Orientación.

3. Traslado á Xefatura Territorial correspondente (Anexo IV) dos documentos referidos nos apartados anteriores, por parte da dirección do centro docente nun prazo máximo decinco días lectivos desde a recepción da solicitude. De xeito paralelo, darase traslado á inspección educativa correspondente dunha copia destes documentos. Esta documentación adiantarase á Xefatura Territorial por medios telemáticos.

4. A resolución sobrea solicitude de atención educativa domiciliaria corresponde á Xefatura Territorial, previo informe do Servizo de Inspección Educativa. Esa resolución, que concretará a asignación horaria, a duración desa atención e as condicións para a súa continuidade, comunicarase ao centro docente nun prazo máximo de cinco días hábiles desde a recepción da solicitude. O centro docente dará traslado inmediato desta resolución á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno.

Profesorado -programación:

O profesorado da atención educativa domiciliaria elaborará o programa individualizado(Anexo V) que se vai desenvolver durante o período ou períodos de convalecencia a partir da programación do correspondente ciclo ou curso, facilitada polo profesorado titor da alumna ou do alumno, e en coordinación con este e co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación.

O profesorado que realice a atención educativa domiciliara informará ao centro docente da alumna ou do alumno do desenvolvementodesta atención, de acordo co establecido na temporización do programa individualizado. En calquera caso, elaborará, como mínimo, un informe mensual e/ou previo a cada avaliación.

Cando a dita atención educativa domiciliaria remate, o profesorado que a realizou entregaralle ao centro docente un informe final (Anexo VI).

O profesorado da atención educativa domiciliaria facilitaralles ás familias a información sobre o proceso educativo dos seus fillos ou fillas, potenciando a súa implicación e colaboración, na medida das súas posibilidades. Así mesmo, deberá cubrir unha folla de rexistro semanal de incidencias (Anexo VII). Este rexistro entregaráselle á xefatura de estudos do centro docente ao que está adscrito.

A avaliación do alumnado con atención educativa domiciliaria e as decisións de promoción e titulación, de ser o caso, serán competencia e responsabilidade do equipo docente do centro docente no que está matriculado, segundo o establecido na normativa xeral da etapa correspondente.

**Outras escolarizacións excepcionais por motivos de saúde**

Para aquel alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro educativo por un período de tempo continuado menor ao requirido para a solicitude de atención educativa domiciliaria, o equipo docente correspondente (coordinado polo profesorado titor) elaborará unha proposta de actividades educativas. Esa proposta entregaráselle á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao mesmo equipo.

A medida recollida no apartado anterior aplicarase, igualmente, a aquel alumnado que, por motivos de saúde, só poida asistir ao centro educativo unha parte da xornada escolar e nun tempo continuado superior aos cinco días lectivos.

O alumnado ao que se refire este artigo contará co debido informe médico. Ese alumnado considerarase escolarizado a todos os efectos e as ausenciasao seu centro docente durante ese período de tempo, referidas no dito informe, entenderanse todas xustificadas.

## J. GRUPOS DE ADQUISICIÓN DAS LINGUAS

Dirixidos a alumnado estranxeiro de incorporación tardía ao noso sistema educativo e que non teña competencia lingüísticas nas nosas linguas oficiais.

Son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, para posibilitar a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado.

Estas necesidades detectaranse na avaliación inicial que se lle fai ao alumnado unha vez que se incorpora ao centro (profesorado coa colaboración do dpto. orientación).

O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre, podendo ampliar este período excepcionalmente a inspección educativa. O alumno incorporarase ó seu grupo ordinario no momento en que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ó descoñecemento das linguas. O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición das linguas será de 24 sesións na educación secundaria obrigatoria. Non obstante, este horario deberase ir reducindo progresivamente a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua.Para facilitar a integración escolar e social do alumno, este permanecerá co grupo ordinario de referencia nas materias de EF, EPV, música e titoría.

O profesorado encargado dos grupos de adquisición das linguas pertencerá preferentemente ás especialidades de tipo lingüístico.

O titor/a deste alumnado será o que lle corresponda pola súa pertenza a un grupo ordinario e será o encargado da coordinación do equipo docente, asesorado, se é o caso, polo departamento de orientación.

Os pais do alumno serán informados sobre o seu progreso na aprendizaxe lingüística e súa integración na vida do centro.

## K. GRUPOS DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR

Son agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, para posibilitar a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado.Dirixida ao alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ó que lle correspondería pola súa idade.

A permanencia nestes grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose estender ó longo de todo o ano escolar.

O alumnado deberase incorporar plenamente ó seu grupo ordinario no momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas. O horario semanalmáximo de permanencia nestes grupos será 10 sesións.

O profesorado encargado dos grupos de adaptación da competencia curricular pertencerá preferentemente a algunha das especialidades que correspondan ás materias obxecto de reforzo desa competencia.

Deberase establecer, polo profesor titor do alumno, a coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o de adaptación da competencia curricular, especialmente no relativo ós aspectos de tipo metodolóxico, programación de actividades docentes e o establecemento dos criterios de avaliación do alumnado.

O profesorado que interveña nos grupos de adaptación da competencia curricular asistirá ás sesións de avaliación do seu alumnado pero a emisión das cualificacións corresponderá ó profesorado do grupo ordinario, tendo en conta a información que proporcione o profesorado anteriormente citado.

As familias ou persoas responsables do alumno serán informados sobre os seus progresos na superación do desfase curricular, así como sobre a súa integración na vida do centro.

## L. ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA CON DESFASE CURRICULAR

Na circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que regula algunhas das medidas de atencióná diversidade para a ESO, adica a instrucción sexta ao alumnado procedente do estranxeiro. Sinala que as necesidades do alumno/a faranse a través da avaliación inicial que se debe realizar no momento da incorporacón ao sistema educativo.

No caso de non poder conformarse grupos de adquisición das linguas e/ou de adaptación da competencia curricular, o alumnado deberá incorporarse ás MAD que cada centro poña en marcha, logo de informe de o orientación. Este alumno deberá seguir un programa específicio personalizado ata que o progreso na súa copetencia curricular así o aconsello (será responsabilidade do Dpto. que corresponda elaborar cada programa específco personalizado e o seguimento do progreso do alumnado sera responsabilidade do profesorado que imparta a area no curso no que este matriculado o alumno/a).

### M. ALUMNADO VALIDANCIÓNS MATERIA ESO

| | |
|---|---|
| **14 Alumnos/as** | **ESO**<br>**BAC** |

## 6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS E MEDIDAS DESEÑADAS

Definición de responsables, tempos, espazos e recursos

### 6.1. MEDIDAS ORDINARIAS

#### A. ELABORACIÓN DOS GRUPOS

| Responsables | Temporalización | Recursos |
|---|---|---|
| • Equipo directivo<br>• Asesora DO | • Setembro (secundaria)<br>• Xullo (infantil/primaria) | • Informes xuntas avaliación<br>• Informes centros adscritos |

#### B. DESDOBRAMENTOS DE GRUPOS

| Responsables | Temporalización | Recursos |
|---|---|---|
| • Equipo directivo<br>• Asesora DO | • Setembro (secundaria)<br>• Xullo (infantil/primaria) | • Informes xuntas avaliación<br>• Informes avaliación inicial<br>• Informes centros adscritos |

#### C. EXENCIÓNS DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA

| Responsables | Temporalización | Recursos |
|---|---|---|
| • Equipo directivo<br>• Asesora DO | • Setembro (secundaria) | • Informes xuntas avaliación<br>• Informes avaliación inicial<br>• Informes centros adscritos |

## D. APLICACIÓN DE REFORZO EDUCATIVO

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • Profesor/titor (elabora)<br>• DO (asesora)<br>• Xunta avaliadora | • En calquera momento do curso | • Comunicación aos pais<br>• Rexistro no XADE |

Sempre que sexa necesario implicará modificación metodolóxica sobre elementos non prescriptivos incluíndo procedementos de avaliación (protocolos TDAH/TEA)

## E. APOIO DO PROFESORADO DENTRO DA AULA

| Responsables | Temporalización | Lugares |
|---|---|---|
| • Equipo directivo<br>• DO (asesora)<br>• Profesor titor/responsable da materia (elabora e avalía)<br>• Profesorado con dispoñibilidade horaria | • En calquera momento do curso | • Dentro da aula<br>• Puntualmente fóra |

## F. PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • Eq. directivo (supervisa e executa)<br>• Asesora DO<br>• Profesor/Titor (elabora) | • En calquera momento do curso | • Comunicación aos pais<br>• Rexistro no XADE |

## G. PROGRAMAS DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • Equipo directivo (supervisa)<br>• Asesora DO<br>• Profesor/Titor<br>• Profesor especialista con dispoñibilidade horaria<br>• PT puntualmente | • En calquera momento do curso | • Comunicación aso pais<br>• Rexistro no XADE |

## H. PROGRAMAS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • CCP establece mecanismos<br>• Departamentos<br>• Eq. Directivo (supervisa) | • A principio do curso<br>• Seguimento ao longo do mesmo | • Comunicación aos pais<br>• Reflectirase nas programacións (non pode limitarse a unha proba |

| | | extraordinaria) |
|---|---|---|

## I. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS SUSPENSAS

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • CCP establece mecanismos<br>• Departamentos<br>• Profesor da materia | • Ao longo do curso | • Comunicación aos pais<br>• Reflectirase nas programacións |

## J. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • CCP establece mecanismos<br>• Xunta avaliadora | • Ao longo do curso | • Comunicación aos pais |

## K. PROGRAMAS DE HABILIDADES SOCIAIS E MELLORA DA CONVIVENCIA

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • DO<br>• CCP (aproba) | • A principios do curso | • Programas nos recreos<br>• Incluír no PAT<br>• Programa de intervención específico individualizado |

# 6.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

## A. ADAPTACIÓNS CURRICULARES

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • Equipo docente (decide)<br>• DO (asesora)<br>• Profesor materia (elabora) | • Ao longo do primeiro trimestre | • Comunicación aos pais<br>• Rexistro no XADE |

## B. AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • Equipo directivo<br>• DO (asesora)<br>• Inspección (autoriza) | • Antes do inicio do curso | • Comunicación aos pais<br>• Autorización da inspección<br>• Rexistro no XADE |

## C. APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E/OU EN AUDICIÓN E LINGUAXE

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| • Equipo docente (decide)<br>• DO (asesora)<br>• Profesor/Titor (seguimento)<br>• PT/AL (implementa) | • En calquera momento do curso | • Comunicación aos pais<br>• Elaboración do plan de traballo<br>• Seguimento pola titoría |

D. FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • Profesor/Titor (propón)<br>• DO (asesora)<br>• Eq. directivo (tramita)<br>• EOE (asesora)<br>• Inspección (informa)<br>• DX (aproba) | • Ao remate do curso | • Comunicación aos pais<br>• Autorización da Dirección Xeral |

E. MODALIDADE DE ESCOLARIZACIÓN COMBINADA

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • Profesor/Titor (propón)<br>• DO (asesora)<br>• Eq. directivo (tramita)<br>• EOE (asesora)<br>• Inspección (informa)<br>• XT (aproba) | • Ao remate do curso | • Comunicación aos pais<br>• Seguimento trimestral<br>• Coordinación co centro de EE<br>• Autorización da Xefatura Territorial |

F. PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO (PMAR)

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • Xunta avaliadora (propón)<br>• Eq. directivo (tramita)<br>• Inspección (aproba) | • Antes do inicio do curso | • Comunicación aos pais<br>• Autorización da inspección |

G. FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • Xunta avaliadora (propón)<br>• Eq. directivo (tramita)<br>• DO (asesora) | • Na avaliación extraordinaria | • Comunicación aos pais<br>• Solicitude no centro que se desexa |

H. ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE, POR CIRCUNSTANCIAS DIVERSAS, PRESENTA DIFICULTADES PARA UNHA ASISTENCIA CONTINUADA A UN CENTRO EDUCATIVO

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • Equipo directivo<br>• Asesora DO.<br>• Profesor/Titor | • Ao longo do curso | • Elaboración de plan de coordinación coas familias |

## I. ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • Equipo directivo<br>• DO (asesora)<br>• XT (autoriza) | • Ao longo do curso | • Envío de anexos á Xefatura Territorial<br>• Elaboración de plan de coordinación co profesorado externo<br>• Autorización do XT |

## J. GRUPOS DE ADQUISICIÓN DAS LINGUAS

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • Equipo directivo<br>• Asesora DO.<br>• Profesor/Titor<br>• Profesorado con dispoñibilidade horaria | • En calquera momento do curso | • Comunicación aos pais<br>• Definición do tempo e carga horaria |

## K. GRUPOS DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • Equipo directivo<br>• Asesora DO.<br>• Profesor/Titor<br>• Profesorado con dispoñibilidade horaria | • En calquera momento do curso | • Comunicación aos pais<br>• Definición do tempo e carga horaria |

## L. ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA CON DESFASE CURRICULAR

| Responsables | Temporalización | Accións |
|---|---|---|
| • Equipo directivo<br>• DO. | • En calquera momento do curso | • Comunicación aos pais<br>• Definición do tempo e carga horaria |

# 7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

## 7.1. REUNIÓNS NO PROPIO CENTRO

a) Departamento de orientación

b) Avaliación inicial
c) Sesións de avaliación
d) CCP

### 7.2. REUNIÓNS COS CENTROS ADSCRITOS

No mes de maio. Visita do departamento de orientación aos centros adscritos e reunión cos titores.

### 7.3. REUNIÓNS COS CENTROS ONDE EXISTA ALUMNADO EN ESCOLARIZACIÓN COMBINADA

Establecer comunicación fluída distancia.
Reunións de avaliación trimestrais.

### 7.4. REUNIÓNS COS PROFESIONAIS QUE ATENDEN ALUMNADO EN ATENCIÓN DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA

Temporalización segundo plan de coordinación elaborado.

## 8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

### 8.1. COLABORACIÓN CON FAMILIAS OU TITORES LEGAIS

Abalar, correo electrónico, comunicación de horarios de atención de profesorado...

### 8.2. COLABORACIÓN CON INSTANCIAS EXTERNAS

Cruz vermella, secretariado xitano, ONCE, asociacións varias, ...
Especificar os diferentes convenios de colaboración que poidan existir e as actuacións que cada convenio leva a cabo. Todos teñen que estar baixo a coordinación e supervisión da dirección do centro.

### 8.3. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO

Ficha correspondente.

## 9. PROTOCOLO DE DERIVACIÓN DO ALUMNADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Trátase de determinar os pasos a seguir para que un alumno sexa valorado polo departamento de orientación. Pódese empregar unha ficha/folla tal e como a que se achega a continuación. Logo o Departamento de orientación asesorarase sobre a resposta que proceda (segundo o que se especifica no apartado 6)

| **Datos do alumno/a** | | | |
|---|---|---|---|
| Apelidos: | | Nome: | |
| Curso: | | Data nacemento: | |

| Derivado por (márquese o que proceda): | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ☐ | Titor | ☐ | Profesor da materia de: | ☐ | Solicitude dos Pais |

| Motivo da demanda | | |
|---|---|---|
| **Evidente discapacidade (especificar debaixo)** | ☒ Si | ☐ Non |
| ☒ Auditiva | ☒ Motora | |
| ☒ Visual | ☒ Física orgánica | |
| **Trastorno grave de conduta** | ☒ Si | ☐ Non |
| **Trastorno do espectro autista** | ☒ Si | ☐ Non |
| **Trastorno mental** | ☒ Si | ☐ Non |
| **Trastorno específico da linguaxe (especificar debaixo)** | ☒ Si | ☐ Non |
| ☒ Dificultades na linguaxe oral | ☒ Dificultades na lectoescritura | |
| **Dificultades no cálculo** | ☒ Si | ☐ Non |
| **Retraso do desenvolvemento/Inmadurez xeralizada** | ☒ Si | ☐ Non |
| **Absentismo ou risco de absentismo** | ☒ Si | ☐ Non |
| **Problemas persoais/sociofamiliares do alumno** | ☒ Si | ☐ Non |
| **Sospeita de posible situación de risco social** | ☒ Si | ☐ Non |
| **Orientación académica e profesional** | ☒ Si | ☐ Non |

| Tipo de actuación solicitada ao departamento de orientación |
|---|

| | | |
|---|---|---|
| **Entrevista co alumno/a** | ☒ Si | ☐ Non |
| **Entrevista coa familia** | ☒ Si | ☐ Non |
| **Entrevista co titor/equipo docente** | ☒ Si | ☐ Non |
| **Entrega de materiais** | ☒ Si | ☐ Non |
| **Avaliación psicopedagóxica do alumno/a** | | |

En XXXXXXXXX, a XXX de XXXXX de 20XX

O profesor/titor,

Nome e apelidos

## 10. MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROTOCOLOS ESTABLECIDOS POLA CONSELLERÍA

Non se trata de repetir o establecido nos protocolos elaborados pola Consellería senón definir medidas para a implementación e desenvolvemento dos mesmos a nivel de centro

### 10.1. ABSENTISMO

**Ámbito de apoio e colaboración co titor/a e a Xunta de Profesores.**

Obxetivos específicos:

- Previr, diminuír e evitar o absentismo e o abandono escolar.
- Favorecer o acceso e escolarización do alumnado en situación de desvantaxe debido a factores sociais, económicos, étnicos ou culturais.
- Implicarse na detección e tratamento do alumno absentista.
- Propoñer e apoiar a creación de recursos específicos que contribúan a a diminución do problema de absentismo.
- Sensibilizar e implicar a a comunidade escolar de a importancia de a escola como axente educativo e socializador, propoñendo qu e xere alternativas para diminuír o desfasamento escolar e o fracaso dos alumnos.
- Garantir o dereito a a educación do alumnado que non pode asistir por accidente ou enfermidade prolongada.

**Actividades**.

- Elaborar unha listaxe cos alumnos/as absentistas de cursos e/ou etapas anteriores.
- Dar información en a avaliación inicial de os alumnos sobre antecedentes de absentismo en etapas ou cursos anteriores.
- Coordinarse coa xefatura de estudos e dpto. de orientación para detectar e facer un segui minto de casos de absentismo e colaborar en o trata minto de os alumnos/as con problemas graves de adaptación á actividade educativa.
- Favorecer e apoiar a formación do profesorado que intervén con estes alumnus/as.
- Reunirse periodicamente para tratar de establecer pautas de actuación conxunta, intercambiar información e realizar o seguimento do programa con este alumno/a.

- Proporcionar ao alumnado que non pode asistir por accidente ou enfermidade prolongada os medios necesarios para que poida proseguir o seu escolaridad en o domicilio.

**Ámbito Individual e Sociofamiliar do alumno/a**:
<u>Obxectivos específicos</u>.
- Previr, diminuír e evitar o absentismo e o abandono escolar.
- Favorecer o acceso e escolarización do alumnado en situación de desve ntaja debido a factores sociais, económicos, étnicos ou culturais.
- Promover a integración e participación de os alumnos e das súas familias en a vida activa do centro.
- Potenciar a alternativa de ocupación do tempo libre de os alumnos absentistas en actividades educativas e motivadoras.

<u>Actividades</u>.
- Garantir boas condicións de acceso ao alumnado en situación de desvantaxe social: informar e orientar a os pais/nais e alumnos sobre axudas existentes que melloren a integración do alumno/a ao medio escolar.
- Informar os pais e ás nais da importancia, necesidade e obrigatoriedade da educación escolar para o desenvolvmento social e persoal dos seus fillos/as.
- Buscar e establecer cos pais posibles solucións ao problema de absentismo dos seus fillos.
- Colaborar en o fomento de hábitos de autonomía persoal e social a través de actividades de apoio e motivación: programas de habilidades sociais, crecemento persoal, autocontrol emocional.
- Intervenir directamente con alumnos e familias a través de entrevistas.
- Contactar regularmente con as familias co obxecto de implicalas no proceso educativo dos seus fillos/as a través de entrevistas individuais, reunións de grupo, etc.
- Informar os alumnos da oferta educativa de lecer e tempo libre do Concello de Vila de Cruces (Servizos Sociais).
- Facer un seguimento dos alumnos/as con irmáns absentistas para previr que reproduzan as condutas absentistas destes.
- Fomentar a participación dos pais e nais dos alumnos/as inmigrantes, utilizando aquelas medidas que se consideren necesarias.

**Metodoloxía**

A detección dun caso de absentismo pode vir a través do centro educativo do menor absentista, da policía municipal e/ou garda civil do concello de Lalín, do profesor/a, do titor/a…. Por iso é necesaria a actuación conxunta e coordinada entre o IES, a Concellería de Educación, Concellería de Servizos Sociais do Concello.

Os aspectos xerais de actuación que se deben ter en conta son os seguintes:

En <u>primeiro lugar</u>, en o caso do alumno/a absentista, hai que considerar factores socio - familiares e culturais que poden estar a condicionar a súa asistencia á clase, ademais de interferir no proceso de ensino aprendizaxe.

O <u>profesorado</u> debe coñecer devanditos condicionantes do absentismo, o que lle levará a un mellor entendemento das condutas e circunstancias destes alumnos. En canto a o que se considera xustificación das faltas, débense tomar os criterios establecidos, para o presente curso, polo ROF. Outro aspecto relevante é a <u>integración do alumno/a</u> tras a súa incorporación a clase.

Esta non é fácil, especialmente se houbo un período amplo de absentismo. As dificultades para a súa integración preséntanse en un aspecto dobre: no lectivo, porque o alumno atópase por baixo do nivel dos seus compañeiros/as debido a as súas continuas faltas de asistencia; e por outro, o da súa integración social cos compañeiros/as.

a) Debido a o seu desfasamento curricular é necesario levar as MAD necesarias para que o alumno/a poida seguir o ritmo da clase,
b) Como é posible que non leve material a clase sería interesante que o material coas actividades adaptadas sexa entregado polo profesorado,
c) Débense realizar grupos cooperativos na aula, para dar oportunidade ao alumno de destacar nalgún aspecto positivo, e desta forma poida ser coñecido e apreciado polos compañeiros,
d) O profesor poderá encargar a outros alumnos/as que lles axuden e o poñan ao día en contidos escolares,
e) Cantas medidas considere o profesorado necesarias, xa sexan no horario das distintas áreas, como no asignado á titoría.
Por último, non podemos esquecer que o alumno/a tamén é parte fundamental de o seu proceso educativo e que a súa actitude inflúe na do profesor /a. En ocasións, en rapaces difíciles, con problemas de comportamento, o profesor/a tenta atopar algunhas solucións ao problema, pero, tras varias tentativas frustradas, sente impotencia, polo que se recorre a expulsión como última alternativa.
Calquera saída da aula, sexa de curta ou larga, duración é vivida polo alumno/a absentista como unha liberación e un reforzo; polo que é probable que dita expulsión, no canto de diminuír a posibilidade de que repita as condutas disruptivas, as auménte. Por iso débese evitar no posible, esta medida aínda que estea contemplada no ROF do noso IES, avaliando a súa utilidade en cada caso.
É preciso buscar alternativas para paliar estes problemas como poden ser: facer traballos na biblioteca, a elaboración dun programa de modificación de conduta, coa colaboración de os pais, que permitan ao alumno non desvincularse do centro, traballos á comunidade educativa, incluso de titorar outros rapaces (dándolles responsabilidade), ….

## 10.2. TDAH

### PLAN DE ATENCIÓN ALUMNADO TDAH

Os alumnos/as con TDAH soen presentar un rendemento escolar inferior ao que se espera pola súa capacidade. **Ademáis**, entre os afectados por este trastorno, é frecuente atopar DEA. Soen mosar un déficit no desenvolvemento de habiliades sociais e emocionais, o que pode dificutlar a relación cos seus compañeiros/as.
Dende Orientación Educativa a finais de outubro de 2018 comentouse a Dirección a importancia de ter no IES un protocolo de concreción do plan TDHA; e que precisaría dun respaldo e unha sensibilización por parte da comunidade educativa á hora de intervir con este alumnado.
Serían unha serie de pautas que, se iniciarían logo dun coñecemento exhaustivo do alumndo con TDHA e, os informes médicos pertinentes xunto coa información da familia.
Establecer canles de coordinación entre todo o profesorado que lle imparte clase ao alumnado para unificar as pautas metodolóxicas, os sistemas de avaliación e as técnicas de control da conduta.

Pendentes de esta concreción dende a comunidade educativa do IES, iremos facendo algunhas medidas a ter en conta:

Entre as **medidas de carácter ordinario** imprescindibles:

**(Concreción do Protocolo para o IES)**

Os **alumnos/as con TDAH** soen presentar: un **rendemento escolar inferior** ao que se espera pola súa capacidade, é frecuente atopar alumnado con **dificultades da aprendizaxe** e un **déficit no desenvolvemento de habiliades sociais e emocionais**, o que pode dificultar a relación cos seus compañeiros/as.

Estas **pautas e estratexias** ofrécense para beneficiar tanto o alumnado con TDAH coma o resto do grupo, e server de guía de actuación para o profesorado.

**Localización na aula**.

Considérase que o alumnado con TDAH **debe estar sentado cerca da mesa do profesorado** e ao lado de compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Debe evitarse a proximidade a portas, fiestras e lugares de maior tránsito, así como a estímulos sonoros ou visuais. Cando se realicen traballos en grupo hai que ser coidadosos coa localización do grupo (próximo ao profesorado) e coa elección dos compañeiros. En actividades individuais, este alumnado deberá ocupar unha mesa separada, orientada cara a mesa do profesorado.

**Mesa da alumna ou do alumno.**

Enriba da mesa **só estarán os materiais que necesite para realizar a tarefa**, e, ao remate, deberá recollelos e gardalos, e hase de evitar que acabe xogando con eles e convertendo a mesa nun pequeno taller.

**Normas de convivencia consensuadas na aula**.

Negociaranse co alumnado **unhas cantas normas de funcionamento** (non moitas) e as consecuencias do seu cumprimento e incumprimento. Han de estar visibles na aula e deben ser repasadas con frecuencia polo conxunto da clase. O profesorado evitará os enfrontamentos verbais cando se esixe o cumprimento das normas. Aconséllase firmeza, sen implicarse emocionalmente, e non culpar diante dos compañeiros (o alumnado con TDAH non actúa así porque quere, senón porque non pode evitar ese comportamento).

Manter **un ambiente estruturado, motivador e con rutinas predicibles** axudaralle a sentirse seguro e a saber o que ten que facer en cada momento.

**Antes e durante a realización das actividades.**

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, asegurarse de que a entendeu.
- Utilizar estratexias para captar a atención inicial como cambios de entoación ou xesticulación.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
- Supervisar frecuentemente para reforzar positivamente ou reconducir a execución ou as distraccións.
- Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- Variar os tipos exercicios, para que non se aburra.
- Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira "responsable", para que lle axude a comprender e a realizar as tarefas.
- Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos, etc.).

**Titoría entre iguais**.

Nas aulas que contan con alumnado con TDAH hase de:

- Potenciar a aprendizaxe cooperativa, onde aprende xunto alumnado diferente.
- Promover a realización de debates.
- Procurar que os compañeiros lle poidan axudar a realizar as tarefas, que o ignoren cando quere chamar a atención con condutas inaxeietadas e que lle presten axuda cando se centra nas tarefas.

**Tarefas e deberes**.

- Reducir e fragmentar as actividades.
- Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.
- Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Non sobrecargar de tarefas para a casa, e seleccionar ben aquelas que se consideren máis importantes.

**Estratexias expositivas**.

A memoria de traballo do alumnado con TDAH pode presentar algunhas dificultades: capacidade limitada pola cantidade de información que pode reter simultaneamente, e escasa duración temporal na que se pode manter. Para compensar esta carencia, á hora de explicar, o profesorado debe ter en conta as seguintes estratexias:

- Antes de empezar, ha de asegurarse de que atende.
- Utilizar frases curtas e claras.
- Manter o contacto visual e permanecer cerca.
- Focalizar a atención nos conceptos “clave”.
- Utilizar estímulos visuais e modificar o ritmo da exposición, coas debidas pausas.
- Presentar a idea principal explícitamente ao principio da explicación.
- Utilizar estratexias de categorización e imaxes mentais de conceptos.
- Promover a súa participación con preguntas sinxelas.
- Proporcionarlle un sistema de titoría dun compañeiro que lle axude a revisar os puntos fundamentais da explicación, e promover que lle explique os conceptos a estudantes con máis dificultades ca el.
- Asegurarase de que o alumnado o mira aos ollos, que entende o exposto e, de ser o caso, que copiou o sinalado. Con esta finalidade formularánselle algunhas preguntas, para que as poida responder correctamente.

**Exames ou probas escritas**

- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
- Que os exames escritos sexan curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e vocabulario sinxelo.
- Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.
- Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
- Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oral ou utilizando o ordenador).
- Deixar máis tempo para os exames, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
- Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.
- Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución
- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

**Uso da axenda**.

A axenda é un instrumento moi útil, imprescindible para o alumnado con TDAH, tanto para servir de canle de comunicación coa familia, coma para lle axudar ao alumnado a levar ao día as súas tarefas.

**Atención na clase**.

- Negociar co alumnado períodos curtos de atención nas tarefas, e ilo aumentando progresivamente.
- Incluir actividades nas que poida ter éxito, segmentándoas e negociando un tempo para cada unha.

**Estratexias para a motivación e a autoestima**.

- Fomentar unha relación positiva entre o alumnado e o profesorado.
- Coñecer o seu estilo de aprendizaxe, as súas capacidades, as súas preferencias e motivacións.
- Ofrecerlle experiencias de éxito, e reforzar calquera pequeno logro na aprendizaxe e/ou na conduta.
- Ofrecerlle confianza, facéndolle correccións respecto á súa tarefa e achegando propostas de mellora.
- Axudarlle a manexar as súas emocións (tolerancia á frustración, paciencia nas gratificacións).
- Evitar avaliar sempre negativamente e proxectar expectativas de éxito.

**Estratexias para controlar e mellorar a conduta**.

Amosar unha actitude tolerante, flexible e paciente, e o profesorado debe actuar como un modelo de conduta reflexiva para o alumnado. Estratexias xerais:

- Reforzo positivo de condutas adecuadas ou aproximacións.
- Intentar corrixir en privado e felicitar en público.
- Ignorar os comportamentos de chamadas de atención que non son moi molestos.
- Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.
- Utilizar puntos para conseguir premios ou incentivos.
- Establecer consignas non verbais para advertir do incumprimento dalgunha norma.

- Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización.
- Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas.
- Realizar entrevistas periódicas individuais sobre a súa conduta e o seu traballo.
- Favorecer que os demais participen con el e que os ignoren cando se portan mal.
- Facer contratos de conduta adaptados á idade do alumnado.

**Estratexias para mellorar a reflexividade.**

- Proporcionar estratexias de memorización.
- Ensinar estratexias diferentes para un mesmo problema, co fin de aprender a xeneralizar.
- Fomentar o traballo en grupo, xa que a cooperación mellora as estratexias analíticas e a conduta.
- Non presentar actividades con límite rigoroso de tempo, o que favorece a impulsividade.
- Proporcionar axuda para o repaso e a autoavaliación.

**Entrevistas regulares entre o profesorado e a familia.**

Cómpre establecer **entrevistas periódicas do profesorado-titor/a-orientación** coa familia (aconsellable cada 2 ou 3 semanas) para intercambiar información sobre os progresos nos planos académico, social e emocional, así como sobre as dificultades atopadas e as estratexias compartidas para superalas.

**Comprensión do proceso de aceptación do problema por parte da familia.**

En ocasións, o profesorado manifesta que a familia non acepta o problema da súa filla ou do seu fillo. Neste caso, o papel do profesorado é o de acompañar e axudar, e tamén de poñer a disposición da familia e do alumnado todo o saber e as medidas educativas necesarias.

**Compartir responsabilidades na aula.**

Pódense aproveitar os materiais para lle dar responsabilidades sobre o seu coidado e utilización: repartir, recoller, ordenar, facer fotocopias, borrar o encerado. Ao mesmo tempo, esas accións permítenlle moverse de vez en cando e descansar para poder recuperar a atención.

**Técnicas de modificación de conduta.**

Con elas preténdese reducir ou eliminar as condutas problemáticas e fortalecer as condutas adecuadas.

- Técnicas para incrementar a conduta desexada, como o reforzo positivo.
- Técnicas para reducir as condutas non desexadas, como retirar a atención ante dunha conduta inadecuada, reforzar condutas alternativas, privalo de obter reforzamento etc.
- Autoinstrucións.
- Solución de problemas.
- Autoobservación.
- Atribución adecuada dos éxitos e dos fracasos.
- Habilidades sociais.

## BIBLIOGRAFÍA


- **Niños hiperactivos. Cómo comprender y atender sus necesidades especiales.** Barkley, A. Rusell. Ed. Paidós Ibérica
- **Testimonios de madres con hijos hiperactivos, madres de niños con TDAH.** J de J Editores (84-934334-0-3) Libro que recoge testimonios directos de madres de niños con TDAH.
- **Déficit de Atención con Hiperactividad. Manual para padres y educadores** Orjales Villar, I.Ed. CEPE (84-7869-294-0)
- **Programas de intervención cognitivo-conductual para niños con Déficit de Atención con Hiperactividad.**Isabel Orjales VillarEd. CEPE
